

UNIDADE DIDÁCTICA DE INVISIBLES

Relatos do Maltrato

baseada na obra de Montse Fajardo



UNIDADE DIDÁCTICA DE INVISIBLES, RELATOS DO MALTRATO baseada na obra de Montse Fajardo

Autoras: Daisy Alcalde Monteagudo
Mercedes Renda Melón
Celso Taboada Lorenzo

Coa inestimable colaboración de Montse Fajardo Pérez

Corrección lingüística: Paz Romagnoli Gil

Coordinación: Centro de Información ás Mulleres de Pontevedra

Deseño e Edición: Colotec Pontevedra

Depósito legal: PO 366-2019
ISBN: 978-84-09-12735-1

Edita: Concello de Pontevedra

“A todas as persoas que compartiron con nós o seu relato.

Sen a vosa valentía, todo ficaría invisible.

Na memoria de todas as vítimas desta lacra.”

Montse Fajardo (Invisibles)

LIMIAR

Cando sentes vocación política, andas todo o día a argallar como mellorar a vida da xente. Pontevedra leva dúas décadas transformándose nun espazo amábel, integrador, onde as persoas sexan a prioridade. Un espazo accesíbel que empurre na consecución dunha sociedade máis igualitaria, sen barreiras físicas, mentais e sociais, especialmente acolledora para as crianzas e a xente maior. Unha ágora xigante onde espallar o feminismo, a memoria, a equidade e todos os valores que nos melloren como colectividade. Unha vila que transitar e habitar con seguridade.

Porén, nesa procura hai unha alerta constante. As cifras, os manifestos do 25N, as campañas da Concellaría de Igualdade, son o aguillón que nos lembran, unha vez máis, que a metade da poboación está en permanente risco. En risco de ficar excluída de postos de responsabilidade, en risco de desigualdade salarial, en risco de ser agredida por un descoñecido na rúa e, tamén, en risco de sufrir danos de portas para dentro, no ámbito privado, de mans de quen dixo quererlle. A nosa responsabilidade é entender que máis alá do eido no que se produza, o dano non é individual, senón colectivo. A violencia de xénero non é un problema persoal, senón social. Un grave problema ao que temos que facerlle fronte.

Invisibles púxolles rostro ás cifras, nomeou as nosas veciñas entre as vítimas e, o que é máis terríbel aínda, situou no noso espazo os seus agresores. O relato das protagonistas amosou, para quen tivese dúbidas, que este non é un drama alleo, senón unha realidade que fica, cal espada de Damocles, sobre a cabeza das nosas fillas. E non é un inimigo descoñecido quen a empuña: son os nosos propios fillos. Se non entendemos isto, non poderemos poñer fin á sangría. Non avanzaremos na procura dunha igualdade real.

Por iso é obriga de todas as administracións dar pasos adiante. Dos gobernos, dos parlamentos, dos tribunais e tamén dos centros educativos, absolutamente necesarios para cambiar unha visión patriarcal do mundo que é xerme da violencia. Esta unidade didáctica pretende servirles de achega. O seu obxectivo é mudar a ollada para que as nosas mozas non carguen cun peso que lles

impide avanzar en igualdade, e os nosos mozos non sexan parte do problema senón actores esenciais dunha sociedade concienciada na necesidade de arranxalo.

Toda mente adulta desexa, nalgún momento, volver atrás no tempo. A nosa mocidade está nese segundo en que todo empeza. Démoslle ferramentas para que o camiño lle sexa máis doado. Miremos a violencia machista de fronte, recoñezámola como o que é, unha eiva que nos manca como sociedade, ou non seremos quen de poñerlle freo.

Miguel Anxo Fernández Lores
Alcalde de Pontevedra

Foi unha dúbida que xurdiu no equipo cando *Invisibles* daba os seus primeiros pasos. É una lectura acorde para a mocidade? Debe enfrontarse en idades tan temperás a situacións tan duras como as descritas polas protagonistas? Aos poucos días tiñamos a resposta. Unha rapaza levouno ao instituto e pediu permiso á mestra para ler un capítulo na aula. O alumnado elixiuno como lectura do seguinte trimestre e logo reuníronse con nós na biblioteca, onde unha moza nos afeou as dúbidas: “védesnos moito máis infantís do que somos”. A sentenza definitiva saíu de boca dunha nai na primeira representación da versión teatral, á que acudiu coa súa filla de doce anos: “Podo afastala da dureza da obra, mais non de que poida atoparse con algo así na vida real. Prefiro que estea preparada”.

Nestes meses percorremos varios centros educativos e decatámonos de que caeramos na mesma eiva que sempre denunciámos, a de crer que se pode deixar fóra deste problema a unha parte da sociedade por cuestións de carácter, formación, ideoloxía, posición económica ou, no noso caso, idade. Cómo puidemos pensar, logo de parir *Invisibles*, que as crianzas fican fóra, protexidas deste inferno? O periplo afianzounos na certeza de que había que falar coa xente moza da violencia machista, por cru que semelle, porque non houbo encontro no que non aparecese un novo relato, contado en voz alta no transcorrer do acto, ou feito confidencia ao remate, cando ficabamos na sala baleira.

Por iso é unha absoluta obriga, non só da comunidade educativa senón de toda a sociedade, que a mocidade teña ferramentas como esta unidade didáctica que lle possibiliten, chegado o caso, rachar co seu propio silencio, saír da invisibilidade. Foi a lección que aprendemos nas aulas.

Montse Fajardo Pérez
Autora de Invisibles, relatos do maltrato

ÍNDICE

LIMIAR	3
1. PRESENTACIÓN	8
1.1 Por que unha Unidade Didáctica baseada en <i>Invisibles</i>?	8
1.2. Niveis educativos e marco normativo no que se enmarca esta unidade didáctica.....	9
2. OBXECTIVOS DA UNIDADE DIDÁCTICA	10
2.1. Obxectivos xerais	10
2.2. Obxectivos específicos	10
3. CONTIDOS CONCEPTUAIS	11
4. METODOLOXÍA	11
Proceso de intervención.....	11
Recomendacións para o profesorado previas á formación	11
5. GUÍA TEÓRICA BÁSICA.....	14
5.1 ENTENDENDO O SIGNIFICADO DALGUNHAS PALABRAS	14
5.2 FEMINISMOS.....	14
5.3 GLOSARIO FEMINISTA	16
5.4 A REACCIÓN PATRIARCAL ANTE O MOVEMENTO FEMINISTA GLOBAL	18
5.5 DEFINIMOS VIOLENCIA DE XÉNERO.....	19
5.6 TIPOS E FORMAS MÁIS HABITUAIS DE MALOS TRATOS	21
5.7 INDICADORES DE VIOLENCIA DE XÉNERO	22
5.8 O CICLO DA VIOLENCIA: CALES SON AS SÚAS ETAPAS E COMO POÑERLLE FIN.....	23
5.9 A SOCIALIZACIÓN PARA AS RELACIÓNS AMOROSAS.....	24
5.10 OS MODELOS DE ATRACCIÓN ADOLESCENTE	26
5.11 OS MITOS DO AMOR ROMÁNTICO.....	27
5.12 MODELOS DE FEMINIDADE E MASCULINIDADE NA ADOLESCENCIA	29
5.13 MICROMACHISMOS	31
5.14 AS REDES SOCIAIS E AS APLICACIÓNS MÓBILES COMO ESPAZOS PARA A DESIGUALDADE E A VIOLENCIA DE XÉNERO	33
6. FICHAS TÉCNICAS.....	34
FICHA 6. 1.....	34
FICHA 6.2.....	35
FICHA 6.3.....	37

FICHA 6.4.....	39
FICHA 6.5.....	40
FICHA 6.6.....	42
FICHA 6.7.....	44
FICHA 6.8.....	46
FICHA 6.9.....	47
FICHA 6.10.....	49
FICHA 6.11.....	51
FICHA 6.12.....	52
FICHA 6.13.....	54
FICHA 6.14.....	56
FICHA 6.15.....	58
FICHA 6.16.....	61
FICHA 6.17.....	62
FICHA 6.18.....	64
FICHA 6.19.....	66
FICHA 6.20 MATERIAL COMPLEMENTARIO	68
FICHA 6.21 MATERIAL COMPLEMENTARIO	71
FICHA 6.22 MATERIAL COMPLEMENTARIO	74
FICHA 6.23 MATERIAL COMPLEMENTARIO	77
7. AVALIACIÓN.....	78
AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO.....	78
8. ANEXOS.....	80
9. BIBLIOGRAFÍA	82

1. PRESENTACIÓN

A promoción da igualdade entre mulleres e homes constitúe un obxectivo básico e prioritario para o Concello de Pontevedra, e tivo o seu reflexo na implantación dos seus plans de igualdade, especialmente no vixente Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, que define e recolle as liñas estratéxicas para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres en condicións de igualdade en todos os ámbitos da sociedade.

Para avanzar cara a igualdade real é importante dispoñer de materiais educativos que falen ás claras de feminismo e todas as administracións deberían telo en conta e traballar nesa liña. O Concello de Pontevedra pon a disposición de toda a comunidade educativa material didáctico baseado na experiencia do traballo desenvolto no Centro de Información á Muller e nas campañas reivindicativas do 25 novembro.

Nestas campañas abórdase a loita contra a violencia machista cun afán de visibilizar o que o patriarcado quere agochar. Con ese enfoque, afrontouse a edición do libro de *Invisibles, relatos do maltrato* no que se basea esta unidade didáctica, para falar ás claras do que significa o feminismo, o sistema patriarcal e combater os falsos discursos e os estereotipos que só buscan perpetuar as diferenzas con aparencia de certos cambios e empregando o argumento falaz de que a igualdade está conseguida.

O feminismo, como movemento social e político que é, significa a toma de consciencia de que as mulleres como xénero foron e son obxecto de opresión por parte do colectivo de varóns no marco do patriarcado, baixo as súas distintas fases históricas de modelos produtivos, o cal as move a accións para a liberación e transformación da sociedade en todo o que se requira.

Cando unha persoa, home o muller, toma consciencia de como o patriarcado asigna un lugar aos homes e outro diferente ás mulleres, xa non hai volta atrás e a visión do mundo cambia. O feminismo pasa a ser unha ética, un xeito de estar e de pensar.

A igualdade apréndese e a desigualdade tamén, por iso é imprescindible que se traballen estes temas nas aulas, con seriedade e con material rigoroso e veraz.

Ante esta variedade e complexidade de conceptos, faise preciso achegar información á poboación xeral, e moi especialmente á mocidade, que permita a identificación de todas as formas de violencia de xénero para poder afrontala debidamente e facer unha axeitada prevención das violencias machistas.

1.1 Por que unha Unidade Didáctica baseada en *Invisibles*?

INVISIBLES, Relatos do maltrato, da xornalista Montse Fajardo Pérez (Vilagarcía, 1973), é unha obra de textos curtos, de media páxina a páxina e media, cos que se recompoñen sete relatos de violencia machista, historias reais de mulleres reais (Eva, Mariluz, Tina, Ana, Irene, Marga e Begoña), sete experiencias de maltrato físico, psicolóxico, social, económico, sexual... que converxen na exposición de pautas ou patróns de comportamento que se reiteran nos máis dos casos.

Xorden asuntos como a operatividade das denuncias e o temor a interpoñelas, as dificultades para detectar o maltrato, a perversión que se agocha no amor romántico, os casos de negligencia, a cuestión dos perfís e a dos sentimentos de culpabilidade, o acoso, o exercicio da violencia máis cruel, a cousificación dos fillos e fillas, os sentimentos de culpa e vergoña e a revitimización das vítimas... Cada caso é distinto, mais todos conflúen en inquirirnos, como persoas, sobre o que cadaquén fai arredor desta lacra social e sobre o que cadaquén pode facer para evitala.

Incorpora un epílogo subscrito por Rosa Campos, psicóloga do Centro de Información á Muller do Concello de Pontevedra onde, desde un punto de vista global e accesible, débúllanse as causas e a realidade do maltrato, definíndoo como un libro operativo para “concienciar á poboación do inferno que vive unha muller maltratada” e, ao tempo, para “concienciar ás administracións da importancia de escoitalas”.

Este libro, que lle pon cara á violencia machista, ao maltrato, ás mulleres maltratadas e aos maltratadores e á comprensión social que os rodea, formou parte da campaña do 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero do Concello de Pontevedra en 2017.

1.2. Niveis educativos e marco normativo no que se enmarca esta unidade didáctica

Educación é proporcionar unha formación integral que permita a nenos e nenas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética e moral da mesma. Educar en igualdade quere dicir educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo-xénero, e educar baixo valores coma o máximo respecto cara as liberdades propias e das demais persoas coas que convivimos.

A educación en igualdade, tamén a coeducación, é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto, e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Para iso proporciónaselle contidos teóricos así como materiais e actividades concretas que pode desenvolver na aula. Devanditos materiais e dinámicas poden ser adaptados tanto á poboación concreta, como ao seu número e por suposto segundo as súas necesidades específicas.

2. OBXECTIVOS DA UNIDADE DIDÁCTICA

2.1. Obxectivos xerais

- Fomentar unha educación integral que dea importancia a todos os aspectos da vida das persoas e en especial á convivencia e ás relacións afectivas baseadas no respecto e a igualdade.
- Tomar conciencia a través dos textos do libro de Montse Fajardo, *INVISIBLES. Relatos do maltrato*, das formas máis cotiás e invisibles que adopta a violencia de xénero, tamén en adolescentes e mozas, reflexionando sobre situacións de relación habituais nas que esta se produce.
- Identificar, modificar ideas previas, actitudes, ou pór puntos de luz onde non os había, para avanzar no cambio de condutas de relacións non tóxicas nin violentas cara a relacións igualitarias.

2.2. Obxectivos específicos

- Reflexionar sobre como a estrutura social de xénero (modelos, roles, estereotipos, etc.) está a incidir no mantemento da violencia de xénero.
- Clarificar os conceptos básicos ao redor das violencias por razón de xénero
- Tomar conciencia da invisibilización, normalización e a naturalización do machismo, neomachismo, micromachismos, e outras formas de violencia de xénero na nosa sociedade, dende os diferentes axentes de socialización.
- Identificar os tipos de violencia de xénero e concretamente as distintas formas que adopta en adolescentes e rapazas novas.
- Levar a cabo unha reflexión crítica sobre a utopía romántica e as consecuencias que ten sobre a violencia de xénero.
- Entender a violencia de xénero como un verdadeiro problema de convivencia social e non individual ou de parella e tomar conciencia da súa importancia.
- Tomar conciencia das propias actitudes e mensaxes sexistas dos medios de comunicación: o cinema, a literatura, a música, etc e todos os factores culturais de maior influencia na adolescencia.
- Traballar habilidades sociais e desenvolver boas experiencias prácticas (capacidade de escoita, expresar opinións sen sentirse xulgada/ou dicir que si/non, argumentar, pedir, expresar preferencias, facer propostas positivas, empatizar), ofrecendo situacións educativas alternativas e novidosas para iso.
- Apreciar as vantaxes de relacións igualitarias baseadas na liberdade, no respecto, a autonomía, a afirmación de dereitos e responsabilidades e o benestar e estima propia.
- Desenvolver actitudes positivas e habilidades para o traballo en colectividade.
- Comprender e expresar con corrección textos e mensaxes complexos, oralmente e por escrito, na lingua galega, valorando as súas posibilidades comunicativas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura galega.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.

3. CONTIDOS CONCEPTUAIS

Conceptualización teórica das Violencias a desenvolver basicamente:

- ◆ Sistema sexo-xénero, os estereotipos e a construción dos roles sexista.
- ◆ A variable xénero como eixo artellador das identidades binarias masculina e feminina.
- ◆ O xénero e os procesos de construción das relacións heterosexuais.
- ◆ A construción do imaxinario do amor romántico, os ciúmes e outros tipos de violencia na parella.
- ◆ Os malos tratos nas parellas novas, unha cuestión desapercibida.
- ◆ As violencias invisibles. A literatura, a música, os videoxogos e os medios de comunicación nos modelos de xénero na adolescencia.
- ◆ Relacións de bo trato, propostas posibles.
- ◆ Os machismos normalizados ou micromachismos.

4. METODOLOXÍA

Comezaremos cunha avaliación de coñecementos e percepcións previas:

Aconsellamos facer un “brainstorming” dirixido por grupos coa gravación de voz como primeira dinámica na que o alumnado amose en liberdade e respecto as súas reflexións e posicionamentos ao redor do que saben e opinan sobre a violencia de xénero, o feminismo, o sexismo, as relacións de parella, a sexualidade e os modelos de atracción femininos e masculinos.

Proceso de intervención

A intervención será a través de dinámicas (seguimento de fichas) durante as horas de clase con cada un dos grupos que participen no proxecto. A unidade didáctica está pensada para poder ser realizada na súa totalidade ou por partes, segundo centros de interese ou tempos e ademais poderase realizar de maneira continuada no tempo ou seleccionando os tempos que a programación do centro estime oportunos para esta actuación.

Traballar con adolescentes require da utilización de técnicas de intervención coas que gañarse a súa confianza, de non ser así a intervención convértese nunha clase maxistral na que non producimos nin pensamento crítico nin motivación por parte do alumnado.

É importante ter en conta cando traballamos con persoas novas, que son suxeitos con capacidade de axencia ás e aos que hai que dar voz. Traballar o afectivo-sexual, as relacións de parella e as violencias sen contar coas súas voces é impoñer un modelo que máis que transformación e cambio provoca unha colonización dun patrón que se cre o idóneo para estas idades e moitas veces é equivocado.

Recomendacións para o profesorado previas á formación

Este documento ten a intención de ser unha breve introdución para quen teña que levar as sesións no que se explican os materiais que se acompañan e recóllense recomendacións achegadas por Axentes de

Igualdade con experiencia nestas formacións con consellos, comentarios e exemplos que demostraron ser útiles noutras ocasións.

A unidade didáctica está composta por diferentes documentos:

- **Libro:** *INVISIBLES Relatos do maltrato*. Montse Fajardo. Edicións Matriarcas, 2017.
- **Guía teórica básica:** esta guía pretende dar unha base teórica para axudar a reflexionar aos grupos que traballen con esta Unidade Didáctica. Recomendarase a súa lectura ao alumnado unha vez que terminen as sesións, como material complementario, pero sería moi recomendable que o profesorado a lea antes, para ter un maior coñecemento e poder dar unhas respostas máis adecuadas ás preguntas que de seguro han de xurdir ao longo da formación.
- **Fichas técnicas:** Esquema metodolóxico a seguir nas sesións co alumnado. Nestas fichas veñen explicadas as diferentes dinámicas que poden realizarse en relación aos temas tratados no libro *INVISIBLES*, así como o material necesario para realizalas, os tempos aproximados e os obxectivos a lograr. Preséntanse actividades con distintos niveis de dificultade e profundidade en función da idade do alumnado destinatario para que o profesorado poida escoller cales facer dependendo das características do grupo:

Aspectos individuais: Os mozos e mozas necesitan ferramentas que lles axuden a comprender que a violencia sexista non é algo alleo, non é algo que lles pase só a outras ou outros. Verse ou recoñecerse no papel de vítimas/agresores non gusta a ninguén e é por iso que ás veces se rexeita o problema de entrada ou se minimiza, aínda que non se reflexionase sobre el. Se presentamos a violencia sexista de forma adecuada á idade dos mozos e mozas podemos favorecer que cada participante no traballo desta unidade poida ter a posibilidade de buscar as súas propias razóns e motivacións para facerse unha pregunta individual: “Que podo facer eu?”.

Aspectos grupais: O grupo de traballo pode supoñer un espazo para ensaiar e comprobar que a violencia sexista é un problema que nos afecta a todas as persoas e é por iso que as preguntas e as súas respostas deben buscarse entre todos e todas. Para a mocidade o grupo é a referencia máis importante e neste espazo de traballo, a través desta unidade, pódese favorecer que se recoñezan nel como protagonistas. Non se trata de achegarlles a violencia sexista como un problema sobre o que deban reflexionar senón guiarlles para que sobre os seus propios pasos sexan quen de achegarse ao problema e buscar solucións.

Como estamos a falar de cuestións moi integradas na cultura e que levan séculos acompañándonos e dada a diversidade de persoas coas que se traballa nas aulas, que nos podemos atopar nunha formación sobre igualdade e xénero?

Prexuízos sobre o feminismo. Nos últimos tempos existiu unha tendencia para desprestixiar a pedagogía feminista. Moita xente considera que o feminismo é o contrario do machismo e que busca a superioridade das mulleres sobre os homes, interpreta conceptos con pouca base científica ou cre nas “novas falsas” ou “fakenews” que se moven polas redes sociais. O feminismo entende que a sociedade está composta por persoas diferentes e diversas e é necesaria a participación de todo o mundo para conseguir a igualdade. É importante que tanto as mozas como os mozos presentes na aula sintan unha identificación cos exemplos e a materia tratada para superar a idea de que a igualdade “é cousa de mozas” e, ademais, xa está conseguida. Quedarán temas sen tratar, temas de actualidade e tanto ou máis importantes nas análises e estudos de xénero, pero esta unidade didáctica só aborda especificamente aqueles aspectos relacionados directamente coa “violencia de xénero”.

Xustificación da violencia. “Se algunhas tías se deixan maltratar, será porque elas queren... se non quixesen, deixarían aos maltratadores”. A violencia de xénero é violencia porque non existe un consentimento por parte de quen a sofre. A violencia non ten xustificación posible e a única persoa responsable é sempre quen a exerce.

Guerra de sexos (“vós sodes uns cabróns”, “vós sodes unhas porcas”). Non hai dúas mulleres iguais, o mesmo que non hai dous homes iguais. As xeneralizacións entre grupos tan diversos sempre son falsas.

Crer que as mulleres son igual de agresoras que os homes (“elas si que son malas”, “elas utilízannos”, “elas empregan máis violencia psicolóxica, que é incluso peor”....). Homes e mulleres poden agredir a outras persoas en diversos contextos, pero as estatísticas indican que existe unha proporción moi diferenciada pola que os homes son agresores en moita maior medida. Ademais o condicionante da cultura patriarcal diferencia claramente as condicións, as consecuencias e os procesos.

Non entender que a desigualdade de xénero é a causante da violencia contra as mulleres (“pero isto que ten que ver coa violencia?”, “xa somos iguais”, “as mulleres maltratan máis”). Na base de calquera tipo de violencia contra as mulleres, non só física, está o patriarcado que sitúa a mulleres e a homes en diferentes posicións na sociedade, e que se exemplifica en desigualdades variadas: diferentes traballos e soldos, diferente repartición das tarefas domésticas e coidado de persoas, diferente goce do tempo libre, diferente forma de coidar, etc.

No relativo ao comportamento na aula podémonos atopar co seguinte:

Os mozos acaparan o tempo para falar mentres que as mozas tenden máis á escoita. Hai que tentar favorecer que tanto mozas como mozos participen activamente e de forma equilibrada.

As persoas cun discurso máis vehemente e agresivo gañan protagonismo fronte ás persoas mais empáticas e moderadas. Aínda que as persoas máis dinámicas poden axudarnos a axilizar ou xerar un ambiente de participación na aula, hai que tentar que a quen máis lles poida custar participen tamén.

Debemos ter en conta que a violencia sexista, nas súas múltiples expresións, é un feito estrutural que afecta con máis ou menos intensidade a practicamente todas as mozas e mulleres na súa vida cotiá. Tratalo desta forma é fundamental para que as persoas que sexan vítimas dunha situación de violencia sexista de maior intensidade ou de forma continuada non se sintan incómodas nin se avergoñen da súa situación. Estatisticamente o profesorado atoparase con moitas rapazas que están a sufrir ou sufriron violencias por razón de xénero ou ben que a coñecen por persoas moi achegadas. Temos que ter isto sempre en conta e incidir no respecto que estes temas merecen.

5. GUÍA TEÓRICA BÁSICA

5.1 ENTENDENDO O SIGNIFICADO DALGUNHAS PALABRAS

A continuación, recollemos algúns conceptos básicos, que están a provocar debates sen argumentarios válidos, fakenews, e outras prácticas lesivas coa democracia, a liberdade de expresión e o método científico e que ademais ocultan a realidade das vítimas e poñen novas barreiras cara a erradicación das diferentes formas de violencia sobre as mulleres e as persoas delas dependentes.

MACHISMO: Comportamento de desvalorización cara ás mulleres. Actitude ou maneira de pensar de quen sostén que o home é por natureza superior á muller. Actitude de prepotencia dos homes respecto das mulleres. Forma de sexismo caracterizada pola prevalencia do home. A Real Academia da Lingua Española(RAE) defíneo como "forma de sexismo caracterizada pola prevalencia do home" e a Real Academia Galega (RAG) como "ideoloxía, comportamento ou actitude de quen defende a supremacía do macho e non acepta a igualdade de dereitos entre o home e a muller".

FEMINISMO: Principio de igualdade de dereitos da muller e do home. Corrente de pensamento en permanente evolución pola defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos os sexos. Constitúe unha forma diferente de entender o mundo, as relacións de poder, as estruturas sociais e as relacións entre os sexos.

SEXISMO: Discriminación das persoas por razón de sexo. O sexismo representa unha actitude consciente que propicia a subordinación do sexo feminino con respecto ao masculino.

MISOXINIA: Rexeitamento ou repugnancia cara ás mulleres ou cara o que representan.

5.2 FEMINISMOS

O feminismo é unha teoría política e práctica crítica que loita pola igualdade de dereitos e oportunidades entre as persoas. Implica un xeito diferente de entender o mundo, as relacións de poder, estruturas sociais e as relacións entre os sexos. O feminismo foi artellado por mulleres que tras analizar a realidade na que viven toman conciencia das discriminacións e deciden organizarse para mudar a orde establecida, por iso é un movemento radical, porque busca a raíz do sistema para comprender a engrenaxe que o forma e poder mudalo.

Esta corrente de pensamento é a que está a producir máis cambios no sistema e nos valores sociais dende o século pasado, conseguindo que as institucións muden as súas políticas sociais e económicas e que se fale dunha «revolución silenciosa», aínda que cada vez o feminismo sexa máis visible, e polo tanto máis atacado. O discurso, a reflexión e a práctica feminista supón tamén unha ética e unha forma de estar no mundo. Trátase dun movemento que suca camiños diversos, que utiliza múltiples medios, pero cos mesmos obxectivos: acabar con este sistema de opresión que afoga, coarta e cohibe a quen nel vivimos e por suposto, alcanzar a igualdade real entre as persoas que habitamos o mundo. Estas diferentes perspectivas non deben verse como unha fragmentación que debilita o movemento, senón como diferentes expresións dunha mesma preocupación.

Para comprender mellor o movemento feminista actual, é preciso facer un breve repaso pola súa historia, para o que empregamos a clasificación cronolóxica das "ondas"¹.

PRIMEIRA ONDA: A sociedade industrial e o liberalismo imperante no século XIX non achegaron beneficios para a vida das mulleres. O acceso ao traballo remunerado non significou alcanzar un mellor status na

¹ Como movemento social, o feminismo conceptúase como un proceso, unha sucesión de etapas ou fases, comunmente chamadas "ondas". Aínda que o criterio cronolóxico das ondas non é unánime, escollémolo por ser o máis compartido actualmente.

sociedade. Continuaban sendo discriminadas salarialmente, non se lles permitía o acceso a traballos de responsabilidade e eran explotadas laboralmente en maior medida que os homes. Estas e outras circunstancias sociais foron o caldo de cultivo para que comezaran a formarse grupos que reclamaban o dereito ao voto das mulleres. Non obstante, o movemento sufraxista non logrou chegar a todas as mulleres das diferentes clases sociais, xa que as obreiras antepuxeron a súa loita de clases e as campesiñas non dispoñían de tempo para implicarse nestas protestas, polo que estas demandas foron defendidas en maior medida por mulleres de clase media que dispoñían de certa formación académica. As maiores defensoras do movemento sufraxista atopáronse en EEUU e Inglaterra, implicadas tamén na loita pola abolición da escravitude. No ano 1848, en Nova York apróbbase a Declaración de Seneca Falls, texto considerado como fundamental para o sufraxismo. En España, o movemento sufraxista estivo protagonizado por Clara Campoamor e desenvolveuse durante a Segunda República.

SEGUNDA ONDA: Esta segunda onda desenvólvese a finais dos anos 60 do pasado século. Nesta época xorde en Estados Unidos un forte grupo de pensadoras feministas, como son Betty Friedan e Kate Millet, representantes do feminismo liberal e do feminismo radical, respectivamente. A este feminismo radical encabezado por Millet débémolle conceptos como patriarcado, as primeiras análises da sexualidade e as primeiras críticas ao androcentrismo. Tamén nace nesta época o feminismo da diferenza.

TERCEIRA ONDA: Este termo foi utilizado por primeira vez no ano 1980, dentro do cal se atoparían os feminismos postestruturalistas, postmodernos, queer... Supoñen unha crítica non só ao patriarcado senón tamén á heterosexualidade normativa, vista como unha institución social reguladora das relacións e marxinadora do que non entra dentro da “normalidade” que establece. Nesta onda enmarcaríanse correntes coma o anarcofeminismo, o feminismo negro e postcolonial, ecofeminismo, etc.

Máis recentemente empézase a falar de ciberfeminismo e de movementos dos homes pola igualdade no que comezan a cuestionarse a masculinidade hexemónica intentando crear outros modelos máis sans e libres.

CUARTA ONDA: a cuarta onda feminista non nace repentinamente, senón que leva xestándose durante moito tempo a unha escala global, que é a súa principal singularidade, e especialmente a través das redes sociais. Debido a que a teoría e a historia do feminismo estiveron, e continúan estando, ausentes nos plans de estudo dos institutos e as universidades, cada xeración de mulleres parece descoñecer os saberes construídos pola xeración anterior o que leva a ter que tirar de fíos case invisibles cos que ir desenterrando o que escribiron as grandes mestras do feminismo, semellando que sempre partimos de cero. Cando descubrimos ás mestras da filosofía que interpelan directamente ás nosas vidas, dámonos conta de que se nos ocultou o pensamento de media humanidade, as teorías que nos permiten tomar conciencia colectiva. Unha conciencia colectiva das mulleres como clase sexual que posibilita a mobilización de masas.

Feministas como Rosa Cobo, Pilar Aguilar, Luisa Posada ou Alicia Miyares consideran que as mobilizacións e as accións políticas do 7 de novembro de 2015 e do 8 de marzo de 2018 en España, xunto co movemento #MeToo en EEUU e outras mobilizacións moi destacables en Arxentina e Turquía, protagonizaron unha resposta contundente á forte reacción patriarcal e ao rexurdimento da extrema dereita en Europa e América que arrasa as nosas sociedades. Unha vez máis, a redución das mulleres a meros obxectos sexuais é o elemento máis característico do sistema patriarcal. Non pode estrañar que o acoso sexual, as agresións sexuais e violacións, a prostitución e a trata, os ventres de alugueiro e os asasinatos de mulleres sexan faíscas que fan estalar protestas, lícitas e ademais pacíficas.

A magnitude destas mobilizacións a escala global, alentadas por unha desigualdade e unha violencia contra as mulleres tamén globais, é o principal factor de lexitimación do feminismo. Cando un movemento social ten tal capacidade de convocatoria é porque recolle simpatía de sectores maioritarios da poboación e tamén porque foi capaz de colocar no centro simbólico da sociedade un significante, a

necesidade de xustiza para as mulleres, compartido por amplos sectores sociais. Moitas máis mulleres que as que se autodefinen como feministas se identificaron con esta idea e tamén diversos grupos de homes comparten a xustiza desta vindicación feminista. Esta identificación de sectores alleos aos intereses feministas é un elemento de lexitimación que haberá que xestionar politicamente e que se pode converter nunha fonte de presión política, social e educativa da que o sistema educativo non pode quedar fóra.

O feminismo, nos seus tres séculos de historia, puxo o foco nos privilexios masculinos, no heteropatriarcado, até os anos oitenta do século pasado, en que un sector do movemento desprazou o foco desde as estruturas e privilexios patriarcais cara ao interior das mulleres como xénero subordinado e cara ao interior do propio movemento feminista. A partir dese momento o imaxinario feminista verase hexemonizado pola idea da diversidade e as diferenzas entre as mulleres até o punto de que se cuestionará a categoría de suxeito político feminista e o propio concepto de “mulleres”. E así, a diferenza entre as mulleres converterase nunha das ideas centrais do imaxinario feminista.

Pois ben, agora que o feminismo asumiu a diversidade das mulleres e asentouse esta idea na configuración ideolóxica feminista, xa se puido desprazar o foco desde o interior de “as mulleres” até fóra, até os fenómenos sociais patriarcais máis opresivos. Sen este lento e aparentemente imperceptible desprazamento non sería posible este estoupido social e esta cuarta onda feminista.

5.3 GLOSARIO FEMINISTA

Dentro do feminismo hai diferentes ramas, distintos camiños para unha meta que, ás veces, tamén varía ou adquire matices segundo a vertente feminista. E así fóronse formando distintos termos, dando lugar a toda unha xerga coa que definir e explicar as cuestións que abarca o movemento e as súas circunstancias, que dan moitas voltas polas redes sociais. Algúns termos son neoloxismos, outros xa existían pero adquiren un significado novo e particular dentro do feminismo. Por iso, velaquí un pequeno glosario co que profundar nos conceptos deste vocabulario en crecemento, cunha orde subxectiva, polo seu contexto:

XÉNERO: Construción social na que se estableceron uns roles concretos e diferenciados para homes e mulleres, atribuíndolles unha serie de características impostas. Como dixo Simone de Beauvoir: “non se nace muller, chégase a selo”. Así, a tendencia activista establece unha diferenza entre o sexo (macho/femia) e o xénero (muller/home/non binarios, etc.), xa que é este último en torno ao que se desenvolveron as desigualdades culturais e históricas.

PATRIARCADO: Sistema baseado na desigualdade, no que os homes ostentan o poder en todas as esferas (política, económica, educativa, social) e os roles de xénero son impostos á sociedade. Segundo o feminismo, a hexemonía deste sistema é a explicación de que, aínda que teoricamente a lei obriga a que exista igualdade “formal” en moitos países, o peso histórico e cultural na práctica, siga sendo desigual a favor do home.

ANDROCENTRISMO: Visión do mundo unicamente centrada no punto de vista masculino. Por exemplo, o uso de “home” para referirse á especie humana ou o plural masculino para referirnos a un grupo no que tamén hai mulleres.

MICROMACHISMO: Termo referido a toda unha serie de comportamentos machistas sutís ou tan normalizados que, habitualmente, pasan desapercibidos.

PATERNALISMO: Actitude de reproducir os comportamentos de autoridade tipicamente asociados ao modelo de pai de familia tradicional noutro tipo de relacións sociais (laborais, políticas, educativas, etc.). Normalmente xustifícase o seu uso en que “é polo ben” da outra persoa, a pesar de estar a limitar a súa autonomía.

DECONSTRUCCIÓN: Proceso mediante o cal unha persoa se esforza por facer unha avaliación interna na que identificar e desaprender as actitudes negativas que foi adquirindo ao longo da súa socialización. Por exemplo, deconstruír o machismo implicaría asumir e eliminar os comportamentos e ideas deste tipo.

EMPODERAMENTO: Proceso no que unha persoa ou grupo social oprimido se volve forte. Por exemplo, mulleres que gañan confianza para visibilizar as desigualdades e tratar de cambialas.

EMANCIPACIÓN: Liberación respecto a calquera tipo de subordinación, poder ou autoridade. O feminismo refírese a este proceso para explicar como as mulleres desbloquearon dereitos ao longo da historia, por exemplo o voto feminino.

SORORIDADE: Do latín soror (irmá), termo que se refire á solidariedade entre mulleres á hora de apoiarse ante actitudes machistas, á marxe da relación entre elas fóra desa cuestión. Desde o feminismo deféndese que as mulleres sexan “sororas” entre si.

BRECHA DE XÉNERO: é a diferenza entre a taxa masculina e feminina na categoría dunha variable. Por exemplo, a “brecha salarial” tradúcese en que, globalmente, as mulleres gañan menos que os homes por facer o mesmo traballo.

TEITO DE CRISTAL: Termo referido aos obstáculos de carácter sociocultural e relacionados cos roles de xénero que dificultan o ascenso laboral das mulleres.

COUSIFICACIÓN: Acción de desposuír da súa condición de suxeito humano a outra persoa, converténdoa nun obxecto pasivo. Por exemplo, a cousificación sexual das mulleres.

CULTURA DA VIOLACIÓN: Termo referido a unha sociedade na que, existindo o problema das agresións sexuais, teñen lugar determinadas actitudes ou ideas relativas ao xénero ou a sexualidade que as favorecen, normalizan ou mesmo suscitan.

SLUT-SHAMING: Do inglés slut (puta) e shame (vergoña). Acción de avergoñar ou humillar a alguén por certos comportamentos sexuais ou pola vestimenta, normalmente a mulleres que mostran o seu corpo ou viven a súa sexualidade dunha maneira considerada como “pouco ortodoxa” ou “liberal”. Tamén é un xeito de facer sentir culpables ás vítimas de agresión sexual (por exemplo, preguntando que tipo de roupa levaba, coma se iso xustificase un delito).

MANSPLAINING: Do inglés man (home) e explaining (explicando), refírese á actitude na que un home pensa que sabe máis que unha muller sobre calquera tema, mesmo aínda que sexa o campo de especialidade desta última. Normalmente ocorre cando a temática é considerada socialmente como “masculina”, como, por exemplo, o fútbol ou a mecánica.

BROPROPIATING: Do inglés brother (irmán) e appropriation (apropiación), expresión referida á situación que se dá cando se atribúe a un home o mérito logrado por algunha muller. Por exemplo, a pesar das súas achegas sobre o primeiro punto de fisión nuclear, Lise Meitner foi excluída do Nobel de Química de 1944 que foi outorgado unicamente ao seu amigo Otto Hahn.

PURPLEWASHING: Do inglés purple (morado, que é a cor co que se identifica ao feminismo) e whitewash (branquear). Este termo utilízase para referirse ao conxunto de estratexias coas que unha empresa ou institución busca facer un “lavado de imaxe” e simular que apoia o feminismo a pesar de facelo só por márketing. Tamén se usa para referirse á actitude de xustificar medidas non igualitarias ou que xeren outro tipo de opresión (racista, xenófoba, lgtbfóba, etc.), escudándose en que benefician ás mulleres ou tachando ditas medidas de feministas. Como dixo a escritora e activista Brigitte Vasallo, “é o proceso de instrumentalización das loitas feministas coa finalidade de lexitimar políticas de exclusión”.

RADFEM: Feminismo radical, entendendo este último termo non como “extremista”, senón como “relativo á raíz”. O radfem sostén que non se pode acabar coa opresión e as desigualdades de xénero sen tomar o sistema patriarcal que as perpetúa: hai que arrincalo de raíz. Por iso, a maioría son “abolicionistas de

xénero”, queren acabar con esa construción social á que consideran unha raíz do problema, liberando á sociedade deses roles impostos e desiguais.

LIBFEM: Feminismo Liberal. Rama feminista de perspectiva individualista que considera que cada muller ten na súa man a capacidade de lograr a igualdade mediante as súas propias accións. Sostén que no sistema hai desigualdades, pero non necesariamente opresión polo que en lugar de tombalo e construílo desde cero, buscan modificalo para facelo máis equitativo.

MARXFEM: Tamén chamado Feminismo Marxista ou Feminismo de Clase. Sostén que a base das desigualdades de xénero está no capitalismo e na división de clases.

TERF: Do inglés Trans Exclusionary Radical Feminist (Feminista radical trans-excluín-te). Termo empregado para referirse a aquelas que, considerándose feministas radicais, exclúen ás mulleres trans do feminismo ao non recoñecelas como mulleres, negándolles a súa identidade ou argumentando que perpetúan os estereotipos de xénero.

INTERSECCIONALIDADE: O termo emprégase para explicar que as diferentes desigualdades (de xénero, clase, etnia, sexualidade...) non son biolóxicas nin naturais, senón construídas socialmente e, como tal, están relacionadas. O feminismo interseccional amplía o suxeito político a outras realidades e analiza como as distintas formas de opresión interaccionan entre si.

ALIADO: Persoa partidaria de acabar con algún tipo de opresión a pesar de non ser vítima directa da mesma ou ter privilexios innatos pertencentes ao grupo opresor.

ALIENADA: Persoa oprimida que interiorizou o sistema do grupo opresor ata o punto de compartilo. Por exemplo, unha muller que estea en contra da emancipación feminina. Como dixo Simone de Beauvoir, o opresor non sería tan forte se non tivese cómplices entre os oprimidos.

MACHIRULO: Referido aos homes machistas que fan especial gala diso mesmo xactándose. Tamén chamados “señoros”. Outra variante é “comumacho” (por “comunista”), que fai alusión aos machistas especificamente de esquerdas.

FEMINAZI: Termo que se utiliza para insultar ás feministas cando se as considera “extremistas”, pero cuxa verdadeira orixe está no locutor estadounidense Rush Limbaugh, que o utilizou para referirse ás proabortistas comparándoas cos nazis.

5.4 A REACCIÓN PATRIARCAL ANTE O MOVEMENTO FEMINISTA GLOBAL

Dise que toda acción provoca unha reacción e o patriarcado ten moitas ferramentas para manter o seu status de poder ante a acción feminista global actual. Xorden falsidades e realidades inventadas e sen fundamentación científica e unha serie de novas, e non tan novas, estratexias de comunicación e acción sexistas sobre o camiño andado e dos retos acadados polo feminismo.

Amelia Valcárcel chama “**espellismo da igualdade**” á idea, certamente estendida, de que a igualdade entre homes e mulleres xa está lograda, que xa é unha realidade, polo menos a nivel “formal”, como afirman moitas persoas. Pero ao aceptar esa suposta igualdade chégase á conclusión de que xa non é necesario impulsar máis medidas para mellorar a situación das mulleres. Mesmo se rexeitan medidas xa establecidas asegurando que xa non teñen sentido ou que mesmo son discriminatorias cara aos homes. Podemos ver nos medios de comunicación a moitos homes e algunhas mulleres que toman decisións nas políticas públicas facer estas afirmacións con contundencia. Pero a realidade é, con todo, moito máis teimosa, e toda unha “historia de desigualdade e opresión cara ás mulleres” non cambia da noite para a mañá.

Esta igualdade formal permitiunos alcanzar algúns avances como o uso de anticonceptivos, a Lei de interrupción voluntaria do embarazo, a de igualdade ou a integral de medidas de protección contra a violencia de xénero. Aínda que os progresos promovidos polos movementos feministas foron moitos en todo o mundo, non pode dicirse que se cambiou todo, aínda queda moito camiño por andar. Non cando a base de valores e normas das sociedades, non só as lexislativas, seguen sendo patriarcais e baseadas nunha disxuntiva muller-home para dividir as funcións, empregos e mesmo formas de vivir. A todo iso hai que sumar outras discriminacións relacionadas como as que implican á orientación sexual, orixe, idades, etc.

Recordemos que o sexismo é unha actitude dirixida ás persoas en virtude da súa pertenza a un determinado sexo en función do cal se asumen diferentes características e condutas. Así, a masculinidade é asociada con características de poder, dominación, control e independencia e a feminidade con atributos de dependencia, sensibilidade, afecto e preocupación polo benestar alleo. De tal modo que o encadramento que as diferentes sociedades impoñen aos sexos condiciona o tipo de actividades e a distribución das ocupacións consideradas máis adecuadas para ambos.

Dentro do sexismo debemos diferenciar o **sexismo hostil** e o **sexismo benevolente**. Dende o sexismo hostil (Lameiras, 2004) caracterízase ás mulleres como un grupo subordinado, que lexitima o control social que exercen os homes. Pola súa banda, o sexismo benevolente baséase nunha idea tradicional que idealiza ás mulleres como esposas, nais e/ou obxectos románticos, e presupón a inferioridade das mulleres, pois considera que necesitan dun home para que as coide e protexa, e á súa vez, utiliza un ton subxectivamente positivo con determinadas mulleres, as que asumen roles tradicionais, como criaturas puras e maravillosas cuxo amor é necesario para que un home estea completo.

É moi importante establecer que o sexismo benevolente axuda ao hostil permitindo aos homes sexistas ser “benefactores” das mulleres, e desculpar a súa hostilidade “só” ante aquelas mulleres que “o merecen”. Este sexismo benevolente suscita condutas prosociais clásicas, tanto en homes coma en mulleres, como as de “axuda ou protección” para as mulleres sen que o precisen nin o pidan. Isto amósase en políticas institucionais de “igualdade de oportunidades” conservadoras, neoliberais e machistas, e incluso na proclamación do que a ultradereita e o Vaticano chaman “ideoloxía de xénero”, instrumento político que utiliza para desprestixiar ao feminismo e avanzar no seu proxecto de control social, e que define ao feminismo como un intento de “aniquilar á natureza” e que atenta contra as familias tradicionais porque ignora as “diferencias naturais entre homes e mulleres, o seu papel na familia e na sociedade polo seu valor cara á procreación”.

A historia dominada polo sistema patriarcal provocou que, aínda hoxe, sigamos convivindo nunha sociedade cunha marcada situación de desigualdade e nun marco de relacións de poder e dominación dos homes sobre as mulleres, a través do discurso das igrexas en contra do feminismo, dos bulos dos medios de comunicación, das supostas denuncias falsas, da realidade de que cando hai unha orde de afastamento a que é controlada é a vítima, da custodia compartida imposta cando as crianzas tamén son vítimas, da revitimización institucional, das manadas, dos milleiros de mulleres asasinadas que quedan diluídas en meras estatísticas, e infinidade de situacións que seguimos a padecer.

Exércese violencia contra as mulleres, polo mero feito de selo, e isto constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres e, independentemente do ámbito no que se produza, é un atentado contra toda a sociedade.

5.5 DEFINIMOS VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia é un dos problemas que temos pendentes de resolver na nosa sociedade. Fundaméntase sempre nunha **relación de poder**, onde alguén (un home) trata de dominar a outra persoa (maioritariamente unha muller) pola forza, contra a súa vontade. Trata de obrigala a que faga o que non

desexa, a que se pregue e recoñeza a súa inferioridade e dependencia con respecto a quen exerce a violencia.

Existen moitos tipos de violencia. A súa clasificación permítenos coñecer que causas concretas as desencadean, pero non podemos esquecer que todas elas baséanse nunha relación de dominio: “unha persoa exerce violencia sobre outra porque a considera inferior, ou simplemente, non a considera”.

A violencia de xénero está amplamente estendida a escala global e non existe un perfil tipo da vítima de violencia machista que pode afectar a mulleres de calquera idade e condición social e económica. Constitúese como un fenómeno invisible, sendo unha das manifestacións máis claras da desigualdade, subordinación e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres. A constatación da existencia desta situación, marcará un antes e un despois na consideración legal e social dos dereitos e liberdades das mulleres.

En decembro de 1993 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración sobre a eliminación da violencia contra as mulleres (Res. 48/104, ONU, 1994), o primeiro instrumento internacional de dereitos humanos que abordou exclusivamente este tema e que define así a violencia de xénero: “todo acto de violencia baseado no xénero que ten como resultado posible ou real un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria da liberdade, xa sexa que ocorra na vida pública ou na vida privada”. E inclúe “a violencia física, sexual e psicolóxica na familia, incluídos os golpes, o abuso sexual das nenas no fogar, a violencia relacionada coa dote, a violación polo marido, a mutilación xenital e outras prácticas tradicionais que atentan contra as mulleres, a violencia exercida por persoas distintas do marido, e a violencia relacionada coa explotación; a violencia física, sexual e psicolóxica ao nivel da comunidade en xeral, incluídas as violacións, os abusos sexuais, a instigación e a intimidación sexual no traballo, en institucións educativas e noutros ámbitos, o tráfico de mulleres e a prostitución forzada; e a violencia física, sexual e psicolóxica perpetrada ou tolerada polo Estado, onde queira que ocorra”.

O ciberacoso pode converterse nunha forma de violencia cando se entenda como “aqueles comportamentos que, utilizando as TIC, teñen como obxecto a dominación, a discriminación e, en definitiva, o abuso da posición de poder onde o home acosador ten ou tivo algunha relación afectiva ou de parella coa muller acosada” (Torres, 2013: 27). É importante pararse a estudar un pouco esta nova forma de violencia. O ciberacoso podémolo definir como “falsas acusacións, vixilancia, ameazas, roubo de identidade, danos ao equipo da vítima ou á información que nel contén, uso da información roubada para acosar á vítima, mensaxes acusatorias ou vexatorias, etc.” (Torres, 2013: 18). Dentro desta forma de ciberacoso atopamos unha nova forma de violencia extrema e de actualidade que é o Sexting, entendido como o envío, publicación ou difusión (a niveis macro) de material privado por parte dunha persoa ou grupo de persoas, a través do teléfono móbil ou Internet, no que se mostran fotografías ou vídeos de persoas coñecidas, amizades, parellas ou ex-parellas, de carácter sexual e de índole privada. Son accións que teñen lugar de maneira individual ou entre persoas que teñen ou tiveron algunha relación afectiva e que se produce por motivos vinculados directa ou indirectamente á esfera íntima. Estes comportamentos xeran desigualdade e exclusión social nas mozas, producindo efectos psicolóxicos e sociais negativos e duradeiros, tales como medo, depresión ou illamento social e moitas veces chegando ao suicidio.



6. FICHAS TÉCNICAS

FICHA 6. 1

Título	Invisibles
Persoas destinatarias	Alumnado de 12 anos en adiante
Duración	60 minutos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">◆ Visibilizar ás mulleres nos distintos ámbitos.◆ Analizar con perspectiva crítica a historia◆ Suscitar interese no alumnado pola lectura do libro.
Desenvolvemento	<p>Antes de ler o libro o alumnado sería interesante facer esta actividade previa na que reflexionaremos en primeiro lugar acerca do título.</p> <p>As preguntas propostas serán:</p> <ul style="list-style-type: none">Que vos suxire a palabra invisibles?Quenes foron invisibles ao longo da historia?Que pensades que pode pasar se un colectivo é invisibilizado? <p>Reflexiona sobre esta frase:</p> <p>“Ao longo de toda a historia “anónimo” era unha muller” Virginia Woolf</p> <p>Ao rematar explicaremos que “Invisibles” recolle sete casos reais de maltrato. Podemos reflexionar:</p> <ul style="list-style-type: none">Pensades que a violencia machista segue a ser invisibles?Credes que hai un cambio dende décadas atrás á actualidade?Nos casos de maltrato quen queda máis invisible ante a sociedade a vítima ou o agresor? <p>Para rematar esta actividade e antes de comezar o libro recomendamos ler o epílogo (páx 215) para que poida o alumnado comprender o que é o maltrato e sexa a base para poder dar lectura correctamente a este libro que nos fará pensar e sentir.</p> <p><i>“Porque o único xeito de loitar contra esta lacra é que eles deixen de ser invisibles”</i></p>
Recursos e materiais	Libro <i>“Invisibles. Relatos do maltrato”</i>
Anexos	Epílogo de “Invisibles” (páx 215)

FICHA 6.2

Título	Morrerás só. TINA (páx. 98)
Persoas destinatarias	Alumnado de 12 anos en adiante
Duración	40 minutos dependendo sempre do debate que se cree nos grupos (15 min para realizar a ficha e 20 minutos discusión / 5 min ver vídeo)
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Reflexionar sobre a teoría da construción social dos estereotipos e roles de xénero e a súa influencia sobre a perpetuación histórica da violencia sobre as mulleres. ◆ Analizar con perspectiva crítica a construción da masculinidade e da femineidade hexemónica e os efectos sobre mulleres e homes. ◆ Suscitar interese no alumnado pola reflexión sobre as causas históricas do mantemento da violencia de xénero.
Desenvolvemento	<p>MIRA O MEU BEBÉ</p> <p>Dividimos a clase por grupos de 4-5 persoas e entregamos a cada grupo a mesma foto dun bebé (Ficha-Bebé), pero con nomes distintos (entre os grupos non poden ver que teñen a mesma foto), uns grupos terán a foto co nome de Sofía e outros co nome de Lucas.</p> <p>Pedímoslles que anoten 5 adxectivos que lles veñan á cabeza ao ver a foto, os seus xoguetes favoritos e que imaxinen como vai a ser o seu futuro.</p> <p>Unha vez pasados 10 minutos, poñemos en común as fichas, descubriendo que cualificamos ao mesmo bebé asignándolle sexo diferente, segundo só un nome.</p> <p>Facemos unha comparativa entre ambos e vemos se marcamos diferenzas e de que tipo.</p> <p>Posta en común, debate e análise sobre como temos interiorizados estereotipos e os roles de xénero na adxudicación das distintas actitudes, profesións e adxectivos relativos a un mesmo bebé segundo a crenza de pertencer a un determinado sexo.</p>

<p>Recursos e materiais</p>	<ul style="list-style-type: none"> • 2 Fichas coa foto impresa e as preguntas con espazo para contestar. • Bolígrafos. • Espazo amplo para poder separar os grupos. <p>(Ficha A) OLA, EU SON LUCAS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Como me ves, que dirías de min? • Que me gusta facer, cales son e cales van a ser os meus xogos e xoguetes favoritos? • Como vai a ser a miña vida de adolescente? • Como vai a ser a miña vida cando sexa maior? A que me adicarei?  <p>(Ficha B) OLA, EU SON SOFÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Como me ves, que dirías de min? • Que me gusta facer, cales son e cales van a ser os meus xogos e xoguetes favoritos? • Como vai a ser a miña vida de adolescente? • Como vai a ser a miña vida cando sexa maior? A que me adicarei? 
<p>Anexos</p>	<p>VIDEO DE APOIO: “A MENTE EN CUEIROS” https://www.youtube.com/watch?v=7hBX7YUAx2I</p>

FICHA 6.3

Título	Un marido “como Dios manda”. TINA (páx. 82)
Persoas destinatarias	Alumnado de 12 anos en adiante
Duración	45 minutos dependendo sempre do debate que se cree nos grupos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Coñecer conceptos básicos de xénero. ◆ Analizar a sociedade de forma crítica. ◆ Rachar cos estereotipos de xénero.
Desenvolvemento	<p>Reflexionamos sobre a teoría clásica sexo- xénero poñendo exemplos para que o alumnado o interprete e entenda.</p> <p>SEXO: Característica biolóxica que diferencia ao macho da femia para a reprodución na especie humana. Existen dous sexos: MACHO-MASCULINO E FEMIA-FEMININO. O termo “SEXO” resérvase para a descrición da diferenza biolóxica e non determina necesariamente os comportamentos.</p> <p>XÉNERO: O que en cada sociedade se atribúe a cada un dos sexos, é dicir, o que como construción social considérase masculino ou feminino. É un conxunto de normas diferenciadas para cada sexo que son elaboradas pola sociedade segundo as súas necesidades e impostas ás persoas desde que nacen como modelo de identificación.</p> <p>Pasamos unha ficha (Ficha Sexo-Xénero) para que a traballen por grupos, expóñense as respostas en voz alta para comprobar que os conceptos quedaron claros e para debater sobre a influencia que cada sociedade exerce sobre o xénero.</p> <p>FICHA SEXO-XÉNERO</p> <p>Reflexiona sobre estas afirmacións e distingue se están referidas ao sexo ou ao xénero:</p> <ul style="list-style-type: none"> • AS MULLERES DAN O PEITO • OS HOMES LEVAN O PELO CURTO • AS MULLERES SON CARIÑOSAS • AOS HOMES SON FORTES • AS MULLERES PINTAN AS UNLLAS • OS HOMES TEÑEN MAIOR DESEXO SEXUAL <p>Relaciona as seguintes afirmacións cos homes ou coas mulleres, e trata de explicar as razóns:</p> <ul style="list-style-type: none"> • INESTABILIDADE EMOCIONAL • FORZA/FORTALEZA • INDEPENDENCIA • FRAXILIDADE • AGRESIVIDADE • PRUDENCIA • CAPACIDADE DE SACRIFICIO <p>COMPETITIVIDADE</p> <ul style="list-style-type: none"> • COIDADO • BONDADE • ...

	Para finalizar poderemos ver os vídeos que aparecen nos anexos “ <i>Dibujando el género</i> ” nos que fan un resumo moi completo sobre o que é o xénero e o que supón na sociedade.
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Bolígrafos. • Encerado e xiz ou EDI. • Pantalla e equipo para ver os vídeos
Anexos	<p>Vídeo 1: https://www.youtube.com/watch?v=nWKkJ8bjTW4</p> <p>Vídeo 2: https://www.youtube.com/watch?v=3M0NwHvpO8Q</p> <p>Vídeo 3: https://www.youtube.com/watch?v=q6NCWaFVj7s</p> <p>Vídeo 4: https://www.youtube.com/watch?v=cWjQjvXQwpA</p> <p>Guía de la buena esposa:</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=0o99yAYP1Fo</p>

FICHA 6.4

Título	Perfís. TINA (Páx. 91) CAUSAS E MITOS SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO
Persoas destinatarias	Alumnado de 14 anos en adiante
Duración	40 minutos dependendo sempre do debate que se cree nos grupos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Analizar con perspectiva crítica a construción dos mitos relacionados coa violencia de xénero. ◆ Reflexionar sobre como a sociedade minimiza os efectos e as razón da violencia de xénero en base a falsas crenzas. ◆ Reflexionar como os falsos mitos xerados sobre os maltratadores e as vítimas afectan nos recursos sociais e no mantemento da violencia.
Desenvolvemento	<p>Reflexionar en grupo como se entende a violencia de xénero dende os medios de comunicación e os mitos xerados sobre a mesma:</p> <ul style="list-style-type: none"> • É unha cuestión privada • Débese a unha crise económica • É xente primitiva e inculta • Sucede principalmente nas clases baixas • É xente sen principios nin moral • É porque non están casados • É un tema provocado por unha moda • É natural e instintiva e non pode ser evitada • Diminúe no embarazo • Esaxérase o que se conta á realidade • Dáse nas típicas familias ou parellas problemáticas • Son casos raros e illados • Son xente estraña e estranxeira • Co tempo son problemas que se solucionan • Son perdas puntuais de control • Se denuncian todo se acaba • Só os malos tratos físicos son perigosos • Onde hai amor, hai sufrimento • Elas maltratan tanto ou máis que os homes <p>Reflexionar en grupo como se entende a violencia de xénero dende os medios de comunicación e os mitos xerados sobre os maltratadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Trátase de xente enferma • É culpa do alcoholismo e/ou das drogas • Son violentos en momentos que están en paro ou con problemas económicos • Son psicópatas • Son persoas impulsivas e descontroladas • Son sádicos • Son tolos ou enfermos • Son machos, homes de verdade e se comportan como tales • Todos os homes son así • Non son de todo responsables
Recursos e materiais	Bolígrafos. Encerado e xiz ou EDI.
Anexos	Tina- Capítulo Perfís (páx. 91)

FICHA 6.5

Título	Estatísticas. ANA (páx. 123)
Persoas destinatarias	Alumnado de 14 anos en adiante
Duración	45 minutos dependendo sempre do debate que se cree nos grupos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Coñecer os datos da situación actual da sociedade con perspectiva de xénero. ◆ Fomentar o espírito crítico. ◆ Aprender a manexar e tratar información fiable. ◆ Eliminar os bulos que existen entorno ao feminismo e as violencias machistas.
Desenvolvemento	<p>Comezamos a actividade lendo a páxina 123 e reflexionando con esta historia.</p> <p>A continuación ofreceremos estes datos:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Sabías que no mundo, unha de cada tres mulleres foi maltratada ou violada ou obrigada a ter relacións sexuais ou foi vítima de malos tratos, a mans, polo xeral, de alguén a quen coñecía. · Que cada ano son vítimas de trata e se ven condenadas á escravitude sexual polo menos dous millóns de meniñas de idades comprendidas entre vos 5 e vos 15 anos en todo o mundo. · Que hai 60 millóns de meniñas menos no mundo por mor dos abortos selectivos e dos infanticidios. · Que se practicaron a 130 millóns de mulleres, a maioría delas en África, sendo meniñas, a mutilación xenital feminina. · Que na India, Bangladesh e en Paquistán incrementouse o número de ataques con ácido e as vítimas son meniñas, ás veces de 10 anos de idade · Que a coacción sexual e a violación están moi estendidas e que quen as perpetra adoiten gozar de impunidad: en 12 países de América Latina, non condénase a quen viola ás mulleres a pena algunha se consenten en contraer matrimonio coas súas vítimas e se elas acceden á súa vez · Que miles de mulleres e meniñas son explotadas polas multinacionais no que se chaman as “Maquilas”, e que cobran menos que un home do seu país e doce veces menos que unha muller occidental. Cálculanse que no mundo traballan 110 millóns de meniñas menores de 15 anos. · Que na Unión Europea 3 millóns de mulleres sufriron acoso sexual no traballo. <p>BUSCAMOS DATOS:</p> <p>O alumnado inserirá en Google os termos violencia contra a muller, violación dos dereitos humanos das mulleres, violencia de xénero, acoso sexual. A procura realizarase por grupos e cada grupo realizará un informe cos datos atopados que expoñerá ao resto de clase.</p> <p>Pódense facer tamén gráficas comparativas por anos, países, idades, establecerse medias e agrupar matematicamente os datos obtidos.</p> <p>Unha vez expostos os datos podemos facer un debate, unha exposición, un artigo no periódico ou no blogue escolar, etc,... será importante que busquen datos en organismos oficiais e con perspectiva de xénero posto que as redes están repletas de información falsa.</p> <p>Podemos adaptar esta actividade empregando datos estatais, galegos, provinciais,...</p>

Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Bolígrafos. • Encerado e xiz ou EDI. • Ordenador, internet e altofalantes.
Anexos	<p>Base de datos estadísticas violencia de xénero:</p> <p>EPDATA: https://www.epdata.es/datos/datos-graficos-violencia-genero/49/galicia/301</p> <p>INE: https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INESeccion_C&cid=1259926144037&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout&param1=PYSDetalle&param3=1259924822888</p> <p>MINISTERIO INTERIOR: http://www.interior.gob.es/web/servicios-al-ciudadano/violencia-contra-la%20mujer/estadisticas</p> <p>OBSERVATORIO VIOLENCIA: http://observatorioviolencia.org/estadisticas/</p> <p>FENIMINICIDIO.NET https://feminicidio.net/</p>

FICHA 6.6

Título	Como unha canción. EVA (páx. 31)
Persoas destinatarias	Alumnado de 14 anos en adiante
Duración	50 minutos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Desmontar os mitos do amor romántico ◆ Rachar cos estereotipos de xénero. ◆ Analizar as desigualdades reflectidas na música ◆ Fomentar relacións afectivas máis igualitarias. ◆ Crear novos modelos de amor
Desenvolvemento	<p>En primeiro lugar lemos esta páxina de como foron os comezos da relación de Eva. A continuación facemos unha pequena introdución sobre os mitos do amor romántico. Por grupos terán que analizar unha das cancións propostas e identificar algún dos mitos nas mensaxes que teñen as letras. As preguntas propostas serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Quen é a voz narradora? • Quen é a persoa protagonista? • Como é a relación de parella que se describe? • Cales son os sentimentos e actitudes que se manifestan? • Que mitos do amor romántico atopaches na canción? • Por que pensas que son prexudiciais nas relacións de parella?
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Información sobre mitos do amor romántico na parte teórica da unidade. • Ordenador • Altofalantes • Letras das cancións (ANEXO)
Anexos	<p>En “materiais” dentro desta páxina podemos atopar máis fichas de cancións nas que podemos atopar mitos do amor romántico.</p> <p>http://www.cdp.udl.cat/tallers/index.php/es/relacions-afectives-i-violencia-2/desvelamos-el-secreto-oculto-de-la-musica-pop</p> <p>Shakira: “A parede”²</p> <p>“Es como unha predición das boas, es como unha dose alta nas veas. E o desexo xira en espiral porque o meu amor por ti é total e é para sempre. Despois de ti a parede, non me faltes nunca, debaixo o asfalto máis abaixo estaría eu.</p> <p>Despois de ti a parede, non me faltes nunca, debaixo o asfalto máis abaixo estaría eu. Sen ti.</p> <p>Es a enfermidade e o enfermeiro e xa me convertiches no teu can faldreiro. Sabes que sen ti xa eu non son. Sabes que onde ti vaias, vou.</p> <p>Naturalmente, despois de ti a parede. Non me faltes nunca, debaixo do asfalto e máis abaixo estaría eu.</p>

² Tradución propia do castelán en todas as cancións desta ficha.

Despois de ti a parede, non me faltes nunca, debaixo o asfalto máis abaixo estaría eu.
Sen ti”

Amaral: Sen ti non son nada

“Sen ti non son nada, unha gota de choiva mollando a miña cara... a miña alma, o meu corpo, a miña voz, non serven de nada, porque sen ti non son nada”

Amaral: Necesítote

“Necesítote, como á luz do sol neste inverno frío para dar-me a túa calor oh,oh,oh”

Malú: Toda

“Abrirebbe as portas da miña alma, de par en par, disposta a facer toda a túa vontade, disposta a facer todo o que che de a gana.

Toda, de arriba a abaixo, toda, enteira e túa, toda, aínda que a miña vida corra perigo... túa e toda, fai todo o que soñas comigo”

Andy e Lucas: Celos.

“Ela é a que alegre e endulza a miña cara, a que aguanta os meus malos humores e encima de todo cala. (...) Celos que me controle os celos, non nego que non os teña, pero se os teño é porque te quero”.

Son De Sol : Bruxaría

“Xa non hai remedio para a alma miña. Ti domínasme con so mirarme e non fan falta cordas para atarme, son unha fera que aínda que a cancela lle abras nunca escapa da gaiola por amor”

FICHA 6.7

Título	O príncipe era ra. EVA (páx. 33)
Persoas destinatarias	Alumnado de 12 anos en adiante
Duración	90 minutos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Desmontar os mitos do amor romántico. ◆ Rachar cos estereotipos de xénero nos debuxos animados. ◆ Analizar as desigualdades reflectidas nas personaxes de debuxos infantís. ◆ Fomentar relacións afectivas máis igualitarias. ◆ Crear novos modelos de amor.
Desenvolvemento	<p>Tamén pode facerse a actividade cos capítulos Parvadas, EVA (páx.25) e Namorei de ti, EVA (páx.28).</p> <p>Faremos unha lectura en alto e reflexionaremos sobre o que se conta nestes capítulos para despois en grupo relacionalo con diversos aspectos.</p> <p>Nesta ocasión utilizaremos os modelos das princesas e dos príncipes Disney para coñecer os estereotipos e mitos de amor romántico que consumimos dende que temos unha curta idade.</p> <p>En primeiro lugar visionaremos o vídeo 1 que aparece no Anexo. Despois faremos as seguintes preguntas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Como son vistas as mulleres polos ananiños? Cal é o papel de Brancaneves? - Como di a bruxa Úrsula que deben ser as mulleres para triunfar? - Que teñen en común as princesas Disney? A quen precisan para que as protexa? - Pensades que cambiaron as películas Disney actuais? - Que máis deberían mudar nas películas infantís? <p>Poñeremos o Vídeo 2 (anexo) como conclusión do cambio no tempo.</p> <p>Ao rematar escribiremos entre toda a clase no encerado unha lista de características que deberían ter as protagonistas das películas infantís para rachar cos estereotipos. Unha vez anotadas entre 5 e 10 características cada alumno/a deberá crear a súa personaxe nunha descrición por escrito e despois lela diante do resto da clase.</p> <p>*Podería escollerse de todas esas unha protagonista e crear un conto en Lingua ou facer un debuxo nas materias de Artes sobre esta nova.</p> <p>*En bacharelato poderíase ler o artigo que aparece no anexo de El Diario e facer un comentario crítico.</p>
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador • Altosfalantes

Anexos

Vídeo 1: <https://www.youtube.com/watch?v=r-OER39dSD4> (Machismo Disney)
Vídeo 2: <https://www.youtube.com/watch?v=1UYM62kmGU4> (De Brancaneves a Moana: as princesas Disney cambiaron con nós)
Artigo: https://www.eldiario.es/zonacritica/disney-machismo-barbijaputa_6_479862032.html



FICHA 6.8

Título	Nin a miña época nin o meu lugar. TINA (páx. 77 e 78)
Persoas destinatarias	Alumnado de 12 anos en diante
Duración	50 minutos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Visibilizar ás mulleres nos distintos ámbitos. ◆ Analizar con perspectiva crítica a Historia. ◆ Coñecer figuras de mulleres transgresoras.
Desenvolvemento	<p>Para esta actividade recomendamos comezando a ler “Os nenos veñen de París” e “Nin a miña época nin o meu lugar” (páx 77 e 78).</p> <p>Unha vez entendida a situación dunha das protagonistas deste libro, Tina, nuns anos e época concretos podemos facer unha reflexión grupal sobre a evolución da sociedade nos últimos anos con perspectiva de xénero. Podemos reflexionar sobre temas como a maternidade e os coidados así coma os roles sociais especialmente no rural.</p> <p>A continuación propoñeremos un traballo de investigación por parellas na que terán que buscar información sobre algunha muller que fose pioneira en algo. Algunha muller que, coma Tina, sentía que esa época non a representase e fixese algo que en maior ou menor medida mudase a sociedade.</p> <p>Cada parella buscará información e preparará un póster para colocar polos corredores do centro.</p> <p>Desta forma poñerase cara a moitas mulleres que foron invisibilizadas ao longo da historia e que fosen transgresoras.</p>
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador • Rotuladores • Cartolinas
Anexos	

FICHA 6.9

Título	O que eu fago. ANA (páx. 111)
Persoas destinatarias	Alumnado de 12 anos en adiante
Duración	90 minutos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Coñecer o significado de “micromachismos”. ◆ Analizar condutas cotiás normalizadas. ◆ Reflexionar sobre a teoría da construción social dos estereotipos e roles de xénero e a súa influencia sobre a perpetuación histórica da violencia sobre as mulleres. ◆ Analizar con perspectiva crítica a construción da masculinidade e da femineidade hexemónicas. ◆ Fomentar unha sociedade igualitaria dende a base, a familia.
Desenvolvemento	<p>Para esta actividade recomendamos comezar por ler “O que eu fago”.</p> <p>Existe un sexismo soterrado que funciona sutilmente de maneira habitual, en situacións cotiás, frecuentes e “normalizadas”, que se fan costume e como normais convértense en invisibles sendo moi difícil detectalas. Estas sutís discriminacións cotiás normalizadas nas relacións entre homes e mulleres son as que veu a denominar Luís Bonino como micromachismos. Estes micromachismos sustentan condicións de desigualdade practicamente imperceptibles que co paso continuado dos anos teñen consecuencias para a saúde psicolóxica das mulleres que os soportan, como é unha baixa autoestima, insatisfacción persoal, depresión, etc...</p> <p>Estas son algunhas das preguntas que poderemos facer ao noso alumnado para analizar isto:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Se na miña casa só hai un coche, quen o conduce no tempo libre, por exemplo, as fins de semana? 2. Se na miña casa hai dous coches, xeralmente quen conduce o coche máis grande/máis potente: o meu pai ou a miña nai? 3. Que membro da miña familia realiza a diario labores como: tender, facer a compra, limpar o baño, pasar o ferro, arranxar o coche, ir ao banco, arranxar os enchufes,...? 4. Na miña familia, quen coida maioritariamente das persoas maiores ou das crianzas? (Acompañarles ás revisións médicas, coidarles se están no hospital, comprar e levar o control da medicación, ir ás reunións do colexio...) 5. Na caixa de correos da miña casa, nas cartas que veñen do banco, nas tarxetas de visita, nas invitacións a unha voda, ... que nome aparece primeiro? 6. Pensades que os pais e as nais falan de sexo da mesma forma cun fillo que cunha filla? A que lle dan máis importancia cando falan coa moza? E no caso do mozo? 7. Polo xeral, os mozos teñen o mesmo horario para chegar a casa pola noite que as mozas? En caso negativo, por que pensades que se dá esa diferenza? 8. Como distribúen o tempo libre os membros da túa familia? <p>- Dedican o tempo aos demais</p>

	<p>- Realizan actividades con amigos/ as</p> <p>- Teñen hobbies, cales?</p> <p>- ...</p> <p>9. Pensades, a nivel xeral, que nas familias existen este tipo de discriminacións cotiás? Practícanse de forma consciente ou inconsciente? Son o resultado dunha cuestión biolóxica ou dunha transmisión cultural?</p> <p>A continuación podemos ver o vídeo 1 do anexo no que se fala de micromachismos. Os micromachismos non son machismos pequenos, son actitudes e feitos que están aceptados e normalizados para gran parte da sociedade.</p> <p>Despois preguntámoslle ao alumnado cales son os micromachismos que podemos ver nesta páxina que limos e cales son aqueles que máis podemos ver no entorno da familia a diario.</p> <p><u>XOGO DE ROL</u></p> <p>Para traballar os micromachismos sacaremos a un neno e a unha nena da clase e o resto preparará unha consigna no que se traballarán diferentes micromachismo tamén podemos cambiar os roles para que se vexa máis claro. Nese caso será o home o que reciba esa acción discriminatoria e se amporen no seu sexo para defendela.</p> <p>Ficha anexo exemplo.</p> <p>Para finalizar e como reflexión podemos ver o vídeo 2 do anexo no que se recollen algúns destes casos.</p>
<p>Recursos e materiais</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador • Rotuladores • Cartolinas
<p>Anexos</p>	<p>Anexo 1 https://www.youtube.com/watch?v=Co_z_GbjbHY Micromachismos, están aí, anque non queiramos velo. Eldiario.es</p> <p>Anexo 2 https://www.youtube.com/watch?v=WVRKdakH6fw&t=4s Non che pasou nunca que...? Micromachismos Eldiario.es</p> <p>EXEMPLO</p> <p>Situación 1</p> <p>Contexto: Chegades a un taller, a rapaza(nome) ten o coche a arranxar alí. El (nome) vai a acompañala aínda que non ten nin idea de mecánica. A que sabe é ela.</p> <p>Compinches: Dous compañeiros de clase farán de dous mecánicos.</p> <p>Acción: Dirixiranse ao rapaz en todo momento para explicarlle o que lle pasa ao coche. Se a rapaza intenta dicir algo ignórana. Farán algunha broma dirixíndose a el e incluso ao final acabaranlle dando as costas.</p> <p>Reflexión:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Por que se dirixía a el constantemente? • Como credes que se puido sentir a rapaza? • Pensades que esta situación pasa na actualidade? Coñecedes algún caso?

FICHA 6.10

Título	Celos en altamar. TINA (páx. 79) O SEMÁFORO DOS CIÚMES
Persoas destinatarias	Alumnado de 14 anos en adiante
Duración	Esta dinámica pode durar ao redor de 60 minutos, aínda que todo depende das situacións que traballen nos equipos e do debate posterior que se cree.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Debater sobre os celos como ingrediente dunha relación de parella. ◆ Desmitificar que existan “ciúmes bos” e “ciúmes malos” dentro das relacións amorosas. ◆ Analizar as diferentes percepcións sobre os ciúmes de mozos e mozas ◆ Reflexionar sobre a dificultade de acabar cos ciúmes se non son recoñecidos e traballados.
Desenvolvemento	<p>Para traballar esta actividade cunha clase, crearemos grupos de mozas e grupos de mozos, por separado.</p> <p>Cada grupo terá ao redor de cinco integrantes. Unha vez formados os equipos, repartimos post-it para cada persoa e bolígrafos. Cada grupo debe elixir a unha persoa como voceira. Unha vez que xa están todos os grupos coas súas portavoces comezaremos a dinámica.</p> <p>Deben escribir en cada post-it situacións que teñan que ver cos ciúmes, por exemplo, se non se lles ocorre nada podemos dicirlles algunhas destas situacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> · “Preocuparse por onde está a parella en todo momento” · “Preguntar no whatsapp da parella porque non me fío (dobre check - pedir que envíe unha foto)” · “Tontear diante da parella para ver se me quere e lle importo”... · “Mirar mal aos/as mozos/ zas que falen con el/ela” · “Non querer que vaia de excursión de fin de curso co/a seu/súa ex noivo/a” <p>Unha vez que todos os equipos terminaron o seu traballo, comezamos a posta en común. Imos ao espazo onde puxemos as cartolinas VERDE de “ciúmes Bos” e, á beira, a cartolina LARANXA de “ciúmes aceptables”, e a cartolina VERMELLA de “ciúmes Malos”.</p> <p>Comezará un equipo e despois continuarán os seguintes ata que todos coloquen a súa listaxe de situacións sobre os ciúmes.</p> <p>Posteriormente debatiremos si movemos os post- it de cartolina (verde, laranxa ou vermella) ou os mantemos na mesma posición. É importante que o debate se cree neste momento e non cando cada equipo estea a colocar os post-it. Cando o debate estea avanzando, podemos comezar a expor algunhas cuestións como, por exemplo:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Credes que realmente existe un límite visible entre os “ciúmes Bos” e os “ciúmes Malos”? · Onde poñedes ese límite, no tempo, na reiteración, na intensidade? · Todas as persoas temos os mesmos límites? · Credes que as mozas teñen un límite e os mozos outro? · Que pensades que hai detrás dos ciúmes?

	<ul style="list-style-type: none"> · Realmente pode haber ciúmes que poidan ser bos? <p>No momento que vexamos flúe a conversa, volvemos dividir á clase en grupos mixtos, tentando que en cada un que o número de mozas e mozos sexa equitativo. Para esta actividade imos rescatar as tarxetas que traballaron na dinámica anterior sobre as distintas situacións de celos e pedímoslles que traballen as consecuencias que cada situación tería nunha moza e nun mozo.</p> <p>Por exemplo: “ tontear diante da parella con outra persoa para ver se me quere”:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Que consecuencias ten esta actuación en mozas?, e en mozos? · É unha situación illada ou despois desa situación veñen outras? Existe algunha circunstancia de ciúmes que non teña consecuencias? · Sacamos algo de positivo destas situacións? · Como podemos facer fronte a elas para non caer nunha relación de desconfianza permanente?
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Un espazo amplo. • Post-it e bolígrafos. • Unha cartolina VERDE que poña: “Ciúmes Bos” • Unha cartolina LARANXA que poña: “Ciúmes Aceptables” • e outra cartolina VERMELLA que poña: “Ciúmes Malos”
Anexos	(Capítulo de TINA- A teima páx. 87)

FICHA 6.11

Título	Contos. ANA (páx. 109)
Persoas destinatarias	Alumnado de 12 anos en diante
Duración	60 minutos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Desmontar os mitos do amor romántico ◆ Rachar cos estereotipos de xénero. ◆ Analizar as desigualdades reflectidas nos contos. ◆ Fomentar relacións afectivas máis igualitarias. ◆ Crear novas personaxes igualitarias.
Desenvolvemento	<p>Comezaremos lendo a páxina 109. Remata falando da Carrapuchiña vermella. Aproveitaremos para reflexionar sobre a violencia que atopamos nos contos infantís e que está tan normalizada así coma os estereotipos de xénero.</p> <p>Estas son algunhas das preguntas que poderemos facer ao noso alumnado para analizar isto:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Pensades que se seguen contando os mesmos contos aos nenos/ as de agora que os que vos contaban a vós/ as? 2. Analizade os personaxes do conto da carrapuchiña vermella (características físicas, valores ou capacidades que se valoran, actitudes ante a vida, son pasivos/ as, activos/ as, etc): <ul style="list-style-type: none"> - Protagonista feminina - Protagonista masculino - Personaxes anciáns femininos - Personaxes anciáns masculinos - Outros personaxes: 3. Como son as historias de amor que aparecen na maioría dos contos? O amor é unha parte importante do conto? Pode servir como modelo a imitar polos/ as nenos/ as? 4. Nos contos tradicionais, existe inimidade entre os personaxes? Entre cales? Cal é a causa da devandita inimidade? 5. Coñeces contos novos que non transmitan modelos sexistas? Xustificar a resposta. <p>Anexo 1</p> <ol style="list-style-type: none"> 6. Escolle un conto tradicional e múdao para rachar cos estereotipos de xénero. Por grupos terán que escoller un conto tradicional e mudalo intentando eliminar comportamentos machistas, clasistas, racistas e violentos.
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Encerado e xiz ou EDI. • Bolígrafo e lapis. • Ordenador, altofalantes e proxector.
Anexos	<p>Anexo 1: Experimento “Cambiamos el cuento”.</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=xCEEKqcSFLO</p>

FICHA 6.12

Título	Que dano fan as películas románticas. IRENE (páx. 135)
Persoas destinatarias	Alumnado de 14 anos en diante
Duración	50 min. A duración desta dinámica, como o resto dependerá do grao de reflexión e debate que teña lugar na aula. Podemos dar uns 20 minutos para o traballo grupal e outros 20 para o traballo con toda a clase. Por último 10 minutos para a lectura do capítulo "Iván" (Páx. 50)
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Analizar os modelos de atracción na adolescencia. ◆ Reflexionar sobre as consecuencias da masculinidade e a feminidade hexemónicas.
Desenvolvemento	<p>Comezaremos lendo o capítulo da páxina 135 e reflexionando para que poñan exemplos de condutas que reproducen mitos de amor romántico ou situacións de violencia, disfrazadas de amor, nas películas románticas. Por exemplo Pretty Woman, A tres metros sobre o ceo...</p> <p>Para o desenvolvemento desta dinámica imos dividir a clase en grupos. Por unha banda grupos de mozas e por outra de mozos.</p> <p>A cada grupo imos repartir os catro perfís que presentamos a continuación e pedímoslles que traballen as seguintes posibilidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Unha relación entre Ana e Xulio. · Unha relación entre Ana e Manuel. · Unha relación entre Laura e Xulio. · Unha relación entre Laura e Manuel. <p>En concreto queremos que traballen as seguintes cuestións:</p> <ol style="list-style-type: none"> a. Características da súa relación afectiva. b. Duración da parella. c. Como pode terminar a parella. <p>Unha vez que os grupos terminaron de traballar as catro historias imos poñendo en común e analizamos con toda a clase as coincidencias entre os grupos e as diferenzas. Tamén podemos analizar con toda a clase se existen diferenzas entre o que traballaron os mozos e o traballado polas mozas.</p> <p>Por último faremos unha análise sobre os modelos de atracción entre a poboación adolescente e os perigos onde poden conducir eses modelos de atracción. Para animar o debate podemos axudarnos das seguintes preguntas:</p> <p>Dos catro perfís de persoas que vos presentamos...</p> <ul style="list-style-type: none"> · Cales son os máis comúns á vosa idade? · Que tipo de relación das catro que traballastes é máis común na vosa contorna? · Por que son este tipo de relacións as máis comúns? <p>Para rematar leremos o capítulo de Iván (páxina 50) no que se fai referencia unha segunda relación de parella de Eva na que existe amor saudable.</p>

Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Folios e bolígrafos. • Fotocopia de ficha “Modelos de parella” <p>“Modelos de parella”</p> <p>Ana é unha moza de 15 anos que estuda 4º de ESO nun IES do seu pobo. Adoita destacar entre a súa clase por ser unha moza intelixente e traballadora. Gústalle estudar pero tamén lle gusta o deporte e a música pop. Ana saíu cun mozo durante uns meses pero deixárono por unha infidelidade del. Tamén estivo con outro mozo pero durou pouco. Leva catro anos estudando Danza no Conservatorio.</p> <p>Laura é unha moza de 16 anos que está en 1º de Bacharelato. É unha moza moi popular no seu instituto, sobre todo na súa clase. É unha persoa moi extravertida. Encántalle saír de festa. Preocúpalle o seu aspecto físico, por iso sempre vai á última moda. Saíu con varios mozos, cun estivo case un ano pero deixárono.</p> <p>Xulio é un mozo de 16 anos que está en 1º de Bacharelato. É un mozo reservado e moi boa persoa. Non lle gusta moito saír de festa, aínda que adoita saír de cando en vez. É un dos mozos máis estudosos da súa clase, vai dous días á semana a clases de inglés. Non ten moitas amizades pero si está rodeado de xente que o valora. Non lle gusta moito a televisión e prefire escoitar música.</p> <p>Manuel é un mozo de 17 anos que esta estudando un Ciclo Formativo de Grao Medio de Administrativo. Destaca na súa clase xa que está todo o tempo facendo chistes e bromas. Vai de ligón pero non tivo máis nada que unha relación estable, o resto foron <i>líos</i>. Manuel sempre está rodeado de xente, non lle gusta estudar e sempre está na rúa, de festa... Preocúpalle o seu físico así que vai dous días á semana ao ximnasio.</p>
Anexos	

FICHA 6.13

Título	Foise co vento. ANA (páx. 105) YOU ARE NOT A LOSER
Persoas destinatarias	Alumnado de 12 anos en adiante
Duración	40 minutos dependendo sempre do debate que se cree nos grupos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Reflexionar sobre os estereotipos de xénero expostos nos medios de comunicación. ◆ Analizar as posibles diferenzas e/ou desigualdades entre como adquiren a popularidade as mozas e os mozos e polo tanto o sistema de atracción.
Desenvolvemento	<p>Para realizar esta dinámica imos traballar por grupos desagregados por sexo, as mozas por unha banda e os mozos por outro.</p> <p>A cada grupo imos dar unha fotocopia da ficha e ímoslles a pedir que pensen en personaxes femininos e masculinos que sexan populares dentro dos programas ou series que vexan nos medios de comunicación.</p> <p>A continuación ímoslles dicir que comecen a encher a ficha tendo en conta eses personaxes femininos e masculinos.</p> <p>Cando terminasen comezamos a poñelo en común. Para iso utilizaremos de novo o encerado dividido nas mesmas partes que contempla a ficha desta actividade e iremos apuntando o que cada grupo traballase.</p> <p>Esperaremos a realizar o debate unha vez que todos os grupos terminasen. Cando xa estea todo reflectido no encerado comezaremos o debate. Para iso podemos axudarnos das seguintes preguntas:</p> <ul style="list-style-type: none"> · En que personaxes pensastes? · Gañan as mozas e a mozos popularidade da mesma maneira? · É positivo para unha moza ter fama de “ligona”?, e para un mozo? · Inflúen estes modelos de feminidade e masculinidade nas vosas idades?

Recursos e materiais	<p>Bolígrafos. Encerado e xiz ou EDI. Una fotocopia por grupo da Ficha: “You are not a loser”</p> <p>Ficha YOU ARE NOT A LOSER</p> <table border="1" data-bbox="456 342 1331 1003"> <thead> <tr> <th></th> <th>Mozas Populares</th> <th>Mozos Populares</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Calidades físicas</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Forma de vestir</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Calidades na forma de ser</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Comportamento sexual</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Imaxe nas redes sociais</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Comportamento co grupo de iguais</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table> <p>(podedes engadir outras calidades, comportamentos, expectativas, ...)</p>		Mozas Populares	Mozos Populares	Calidades físicas			Forma de vestir			Calidades na forma de ser			Comportamento sexual			Imaxe nas redes sociais			Comportamento co grupo de iguais								
	Mozas Populares	Mozos Populares																										
Calidades físicas																												
Forma de vestir																												
Calidades na forma de ser																												
Comportamento sexual																												
Imaxe nas redes sociais																												
Comportamento co grupo de iguais																												
Anexos	<p>Video: “que significa facer algo como unha nena”: https://www.youtube.com/watch?v=s82iF2ew-yk</p>																											

FICHA 6.14

Título	Inverno. BEGOÑA (páx. 206) O XOGO E O XOGUETE
Persoas destinatarias	Alumnado de 12 anos en adiante
Duración	60 minutos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Reflexionar sobre a teoría da construción social dos estereotipos e roles de xénero e a súa influencia sobre a perpetuación histórica da violencia sobre as mulleres. ◆ Analizar con perspectiva crítica a construción da masculinidade e da feminidade hexemónicas. ◆ Suscitar interese no alumnado pola reflexión sobre as causas históricas do mantemento da violencia de xénero.
Desenvolvemento	<p>Para realizar esta dinámica imos traballar por grupos. A cada grupo ímoslles dar un catálogo ou imaxes dos catálogos de xoguetes e pedímoslles que traballen coas seguintes preguntas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pensades que hoxe en día os nenos e as nenas xogan cos mesmos xoguetes? • Os anuncios de xoguetes que aparecen na TV ou en calquera catálogo das grandes superficies, credes que utilizan diferentes cores segundo os artigos vaian dirixidos a nenos ou a nenas? Ou diríxenos ao público infantil en xeral, sen diferenza de cores? • Analizar como é a música e as voces que se utilizan en televisión nos anuncios onde os protagonistas son cativos. E cando a protagonista é unha nena, hai diferenzas? Como é a música e as voces utilizadas para chegar a elas? • Pensade por un momento no patio dun colexio, as nenas e os nenos xogan xuntos? Xogan aos mesmos xogos? • Que capacidades desenvolve unha persoa que xoga co seguinte: <ul style="list-style-type: none"> ○ Maquillaxe, abelorios, espellos, ... (set de beleza) ○ Balón ○ Cociña, escoba, fregona, lavadora... (set de traballo doméstico) ○ Pistolas, puños de boxeo, esposas de policía, coitelos ○ Boneco/as, bañeira, biberón, roupa de bebé, berces... • Que consecuencias para a vida adulta pode ter xogar a uns determinados xogos ou xoguetes? • Pensades que é importante que cada neno/a poida elixir libremente o xoguete ou xogo co que xogar? • Se pensades que existen diferenzas e discriminacións tanto para os nenos como para as nenas, como poderíamos solucionalo a nivel xeral? E a nivel persoal? <p>Cando terminen comezamos a poñelo en común e facemos debate.</p>

<p>Recursos e materiais</p>	<p>Catálogos de xoguetes clásicos divididos en follas rosas e azuis.</p> <p>Catálogos de xoguetes con representación de roles compartidos para nenas e nenos.</p> 
<p>Anexos</p>	<p>VIDEO DE APOIO: “MUDEMOS O XOGO” (Anuncio AUDI)</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=V-siux-rWQM</p>

FICHA 6.15

Título	Poñéndolle nome. IRENE (páx. 140) A LINGUA TAMÉN TE FAI INVISIBLE
Persoas destinatarias	Alumnado de 12 anos en adiante
Duración	Cada ficha realizárase nuns 15 minutos, incrementándose segundo o tempo de debate e explicación de cada grupo aos demais grupos.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Analizar o uso da linguaxe sexista como factor discriminatorio por razón de xénero. ◆ Analizar como a linguaxe inflúe en como percibimos as cousas. ◆ Tomar conciencia de que o que dicimos e o que queremos dicir poden ser ás veces cousas diferentes.
Desenvolvemento	<p>As desigualdades entre mulleres e homes reflíctense tamén na linguaxe. Dise que a linguaxe non é sexista en si mesma, o sexista é o uso que facemos dela.</p> <p>Se a muller non está presente na linguaxe, será INVISIBLE.</p> <p>Por grupos analizaremos formas de linguaxe comúns e interpretaremos se poden ser un factor de socialización diferencial discriminatorio e sexista.</p> <p>Farémolo a través dunhas fichas repartidas por grupos (unha ou dúas por grupo), para que posteriormente expliquen aos outros grupos e cheguen a conclusións comúns, coas seguintes cuestións:</p> <p>FICHA 1</p> <ul style="list-style-type: none"> · Pensades que a linguaxe que utilizamos reflicte unha forma de pensar? Ou é algo que utilizamos sen cuestionarnos nada máis? · Na nosa lingua, cal é o xénero que se utiliza maioritariamente para nomear o feminino e o masculino? Que vos parece? · Pensades que utilizar un xenérico para referirnos a dous grupos pode invisibilizar á parte que non se nomea? Pode crear confusión? Poñede algúns exemplos. · Se vos piden que debuxedes a seguinte frase: “o home inventou o lume” (non fai falla debuxar, chega con imaxinar), uns minutos despois contestade: Credes que alguén debuxou a unha muller realizando o invento? Se a resposta é negativa, que relación encontrades co uso do masculino como xenérico? <p>FICHA 2</p> <p>Resolve os seguinte enigmas:</p> <p>A) Pérez tiña un irmán. O irmán de Pérez morreu, con todo, o home que morreu nunca tivo un irmán.</p> <p>B) Un pai e o seu fillo ían no coche cando, de pronto, o pai perdeu o control do vehículo e esnafráronse contra un poste telefónico. O pai morreu no acto; o seu fillo quedou malferido e levárono ao hospital, onde se lle apreciaron lesións importantes que requirían unha urxente intervención. Foi chamado o equipo médico de garda e, cando chegou á sala de operación a examinar o rapaz oíuse unha voz: “Non podo operar este neno: é meu fillo!”</p> <p>(ALBERDI ALONSO, INÉS Y MARTÍNEZ TEN, LUZ. 1988. <i>Guía Didáctica para una</i></p>

Orientación no Sexista. Madrid: Ministerio de Educación e Ciencia, tirado dos *Materiales didácticos para la coeducación. ¿Qué es... el lenguaje no sexista?* de 2003)

FICHA 3

Na escola entregáronvos esta nota informativa:

Para ir á excursión os nenos teñen que traer a autorización coa firma do pai ou titor.

Podemos facer algunhas reflexións:

- Só poden ir á excursión os nenos, as nenas non van? Irán á excursión os nenos que traian a autorización asinada polo seu pai ou titor? non vale a firma da nai nin titora?
- Á excursión non poden ir os nenos que non teñan pai nin titor? (nenos que viven coa súa nai, coa súa avoa, as súas dúas nais...)
- Pode ser que os nenos que teñen dous papás non saiban como encher a autorización xa que parece que só se pode ter un pai.
- Como redactaría ti a nota? Facede ese exercicio en pequenos grupos, e comparade quen a redactaría mellor.
- Por exemplo:

“Para ir á excursión tedes que traer a autorización asinada por unha persoa familiar adulta”.

“Para ir á excursión o alumnado ten que traer a autorización asinada pola nai, pai ou titoría legal”

FICHA 4

Busca no dicionario e comenta as seguintes definicións e usos:

RAPOSO:

RAPOSA:

VERDULEIRO:

VERDULEIRA:

COCIÑEIRO:

COCIÑEIRA:

ESPOSOS:

ESPOSAS:

HEROE:

HEROÍNA:

SOGRO:

SOGRA:

CARALLUDO:

COÑAZO:

Que teñen en común as anteriores definicións? Por que crees que se emprega de maneira tan diferente.

FICHA 5

Busca nos teus libros de texto, frases que creas que poden ser sexistas e reflexionade sobre elas en grupo. Como podedes cambialas?

FICHA 6

Reflexionade sobre as seguintes frases:

- “A ministra, vestida de verde escuro”; “A encantadora tenista” (*cousificación da muller*)
- “O director xeral, acompañado da alcaldesa” (*xerarquización por razón de sexo*)
- Detrás dun gran home hai unha gran muller (*secundarización dun dos sexos*)

	<ul style="list-style-type: none"> Os nómades viaxaban cos seus bens, animais, mulleres e nenos. <p>PAUTAS PARA AS REFLEXIÓNS COMÚNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> Credes que a linguaxe inflúe en como percibimos as cousas? Credes que de xeito máis ou menos inconsciente elaboramos uns estereotipos, unhas ideas, un pensamento que invisibiliza ás mulleres? Pensas que ti empregas unha linguaxe sexista? Credes que a linguaxe pode depreciar, ridiculizar, desacreditar, estereotipar ou excluír ás muller?... E aos homes, coñeces exemplos?
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> Folios e bolígrafos. Encerado e xiz ou EDI. Fotocopias das fichas
Anexos	<p>UNIVERSIDADE DE VIGO (2003): “Recomendacións para as marcas de xénero” en Lingua galega: criterios lingüísticos. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, pp. 52-60, en http://anl.uvigo.es/UserFiles/File/manuais/Lingua_galega_Criterios_linguisticos.pdf</p>

FICHA 6.16

Título	Omisión de socorro. MARGA (páx. 197) OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA
Persoas destinatarias	Alumnado de 14 anos en adiante
Duración	60 minutos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Coñecer outras formas de violencia de xénero. ◆ Fomentar o espírito crítico. ◆ Aprender a manexar e tratar información fiable.
Desenvolvemento	<p>Despois de ler “Omisión de socorro” (páx. 197) reflexionamos sobre este caso concreto.</p> <p>BUSCAMOS DATOS:</p> <p>Dividimos o alumnado en tres grupos que farán busca de información en internet. Cada grupo realizará un informe cos datos atopados que expoñerá ao resto de clase.</p> <p>Unha vez expostos os datos podemos facer un debate, unha exposición, un artigo no periódico ou no blogue escolar, etc,... será importante que busquen datos en organismos oficiais e con perspectiva de xénero posto que as redens están repletas de información falsa.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Grupo 1. Buscar máis información sobre o caso de Marga Dopico. • Grupo 2. Buscar información sobre o termo violencia institucional. • Grupo 3. Buscar información sobre o termo violencia vicaria.
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Folios e bolígrafos. • Encerado e xiz ou EDI. • Fotocopias das fichas.
Anexos	https://www.amnistia.org/ve/blog/2017/07/3195/violencia-institucional-contra-las-mujeres

FICHA 6.17

<p>Título</p>	<p>Non dou o perfil, non dás o perfil, non hai perfil. EVA (páx. 40) Actividades ou concursos de CARTEIS-CARTAS-RELATOS-TUITS-CANCIÓNS-RAP-BANDA DESEÑADA-CURTAS- contra a violencia de xénero.</p>
<p>Persoas destinatarias</p>	<p>Podemos facer a actividade segundo categorías con alumnado de 12 a 16 anos e maiores de 16 anos.</p>
<p>Duración</p>	<p>Explicar no tempo dunha clase (50 min.), aconsellamos se o facemos en formato de concurso con 2 meses de antelación, e en formato actividade, durante a mesma semana.</p>
<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Promover a reflexión sobre a problemática da violencia de xénero nas súas diferentes manifestacións física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural..., así coma os efectos e consecuencias da mesma. ◆ Mellorar as nosas habilidades creativas, de expresión, comunicación e escrita. ◆ Mellorar a nosa capacidade de empatía.
<p>Desenvolvemento</p>	<p>Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, ou o 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, ou sen ter en conta ningunha destas datas significativas, podemos organizar no centro unha actividade de reflexión serena e persoal, que tamén a podemos presentar a través dun concurso de cartas (prosa e poesía) contra a violencia de xénero:, para o que reflexionamos sobre as seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • que escribiría unha vítima de violencia?, • que lle diría ao seu maltratador?, • que lle diría unha menor que tamén a sofre na casa?, • poderías porte na pel dun maltratador e explicar os teus sentimentos?,... <p>Previamente haberá que crear unhas pequenas bases ou normas de mínimos e máximos (tanto para que participe un grupo grande, coma só o grupo da clase), no que se poderá especificar: quen pode participar, o número de propostas que se poden presentar por persoa/grupo, o idioma, a extensión o formato, tipo de letra e tamaño, o lugar e data de presentación, os criterios de valoración, como se vai a manter o anonimato en caso de querer facelo, que premios se concederán, etc.</p> <p>Posteriormente poderase facer un certame literario, un pequeno libro, unha exposición, etc, para facer participar ao resto da comunidade escolar na reflexión.</p> <p>Da mesma maneira poderemos modificar ou ampliar as posibilidades co mesmo obxectivo de reflexión empregando outros formatos coma un concurso de relatos ou microrelatos ou de lemas ou “chíos”, que implica ao alumnado que prefira escribir pouco e empregar a NTIC como wasap ou tuitar. Tamén podemos empregar outros soportes e estilos, como facelo a través de banda deseñada ou carteis contra a violencia en formato imaxe ou empregar a inmensa diversidade de posibilidades que o noso alumnado ten facendo canción ou rap, curtas co móvil,... No caso de ter a posibilidade de ter un espazo de exposición, paneis ou un muro onde facer un mural ou graffiti, un flashmob, no que participe todo o centro,...</p> <p>As posibilidades poden ser infinitas dependendo da creatividade e das persoas que se poidan implicar para organizar un evento conxunto, principalmente o profesorado de cada área e nas datas propostas, invitando a toda a comunidade educativa á reflexión conxunta.</p>

Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none">• Folios e bolígrafos.• Material para deseño de carteis ou deseño gráfico.• Bases dos concursos.• Premios.
Anexos	Modelos de bases concursos: https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/23513 https://www.dipgra.es/amplia-programa/programas-igualdad/concurso-microrelatos-violencia-genero-monica-carrion

<p>Título</p>	<p>O que queda. BEGOÑA (páx. 211) NON SON UNHA ESTATÍSTICA</p>																						
<p>Persoas destinatarias</p>	<p>Alumnado de 14 anos en adiante</p>																						
<p>Duración</p>	<p>90 minutos, incrementándose segundo o tempo de debate.</p>																						
<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Coñecer as ferramentas estatísticas empregadas para explicar a problemática á que nos enfrentamos ◆ Reflexionar sobre como se pode explicar de diferentes formas o mesmo acontecemento empregando diferentes fontes de información. ◆ Entender como o manexo de datos “asépticos” poden ocultar outras análises e outras partes da realidade implicadas nun problema global como é a violencia de xénero ◆ Entender que detrás de cada estatística hai unha vida chea de posibilidades. 																						
<p>Desenvolvemento</p>	<p>Facemos grupos de traballo por parellas e buscamos en internet información para analizar e comparar os datos estatísticos sobre violencia de xénero segundo lugar, ano, procedencia, facendo cálculos matemáticos, reformulando estatísticas, facendo gráficas de diferentes tipos e modelos explicativos, etc,</p> <div data-bbox="526 981 1268 1444" data-label="Figure"> <p style="text-align: center;">Evolución de denuncias de violencia de género en Galicia</p> <table border="1"> <caption>Approximate data from the graph 'Evolución de denuncias de violencia de género en Galicia'</caption> <thead> <tr> <th>Año</th> <th>Denuncias (aproximadas)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td>2009</td><td>1.400</td></tr> <tr><td>2010</td><td>1.580</td></tr> <tr><td>2011</td><td>1.150</td></tr> <tr><td>2012</td><td>1.180</td></tr> <tr><td>2013</td><td>1.120</td></tr> <tr><td>2014</td><td>1.350</td></tr> <tr><td>2015</td><td>1.320</td></tr> <tr><td>2016</td><td>1.400</td></tr> <tr><td>2017</td><td>1.780</td></tr> <tr><td>2018 (Trimestre 4)</td><td>1.774</td></tr> </tbody> </table> </div> <p>Dado que é moi habitual que os medios de comunicación e os datos que manexamos sobre situacións de violencia de xénero estean construídos baixo un enfoque institucional e polo tanto parcializado, e ademais dende un enfoque neoliberal, no que a estatística e a cifra marca tendencias e medias, etc, desvirtúase a verdadeira realidade da dureza de cada caso e a singularidade de cada situación de violencia.</p> <p>Detrás de cada dato hai unha vida en sociedade, chea de ilusións e de posibilidades, acompañada no seu sufrimento por infinidade de persoas que convivían coa asasinada ou que conviven coa supervivente, fillas, pais, amigas, compañeiras de traballo, veciñanza, etc,...</p> <p>As vítimas de violencia “non son só unha estatística” por iso propoñemos ao rematar esta actividade, pensada dende o desenvolvemento das competencias matemáticas e científica, ler e reflexionar sobre as historias de vida das vítimas. (En “FEMINICIDIO.NET”, por exemplo temos esta información)</p>	Año	Denuncias (aproximadas)	2009	1.400	2010	1.580	2011	1.150	2012	1.180	2013	1.120	2014	1.350	2015	1.320	2016	1.400	2017	1.780	2018 (Trimestre 4)	1.774
Año	Denuncias (aproximadas)																						
2009	1.400																						
2010	1.580																						
2011	1.150																						
2012	1.180																						
2013	1.120																						
2014	1.350																						
2015	1.320																						
2016	1.400																						
2017	1.780																						
2018 (Trimestre 4)	1.774																						

Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Cartolinas e rotuladores • Espazo para facer dous ou máis grupos e poder reflexionar independentemente. • Encerado e xiz ou EDI
Anexos	<p>Base de datos estadísticas violencia de xénero:</p> <p>EPDATA: https://www.epdata.es/datos/datos-graficos-violencia-genero/49/galicia/301</p> <p>INE: https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INESeccion_C&cid=1259926144037&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout&param1=PYSDetalle&param3=1259924822888</p> <p>MINISTERIO INTERIOR: http://www.interior.gob.es/web/servicios-al-ciudadano/violencia-contrala%20mujer/estadisticas</p> <p>OBSERVATORIO VIOLENCIA: http://observatorioviolencia.org/estadisticas/</p> <p>FENIMINICIDIO.NET https://feminicidio.net/</p>

FICHA 6.19

Título	“Mi marido me pega lo normal”. EVA (páx. 39) SABES QUE FACER SE SOFRES MALTRATO OU COÑECES ALGÚN CASO?
Persoas destinatarias	Alumnado de 16 anos en adiante
Duración	Un mínimo de 2 horas dependendo da riqueza de comentarios que xurdan nos grupos e nos debates en gran grupo. En actividades de reflexión tan sensibles coma esta é importante marcar un tempo máximo para cada momento, para obrigar a tomar decisións.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Reflexionar sobre os diferentes recursos existentes fronte a violencia de xénero, e as vantaxes e posibilidade de mellora dos mesmos. ◆ Coñecer que facer e ter ferramentas para mellorar as posibilidades de resolución da problemática á que nos enfrontamos. ◆ Reflexionar sobre a necesidade de empatía nas situacións de violencia e sobre o estrés que provocan estas situacións.
Desenvolvemento	<p>Repártense cartolinas e rotuladores.</p> <p>Creamos un mínimo de dous grupos entre os que debateremos entre “que debemos facer” e “que non debemos facer”, onde escribimos e ordenaremos cada acontecemento. Despois xuntamos o grupo e dámoslle formato ordenado coma se fose un protocolo.</p> <p>Nunha cartolina poñemos “Pasoume a min e”</p> <p>O grupo reflexiona sobre unha suposta situación en que es unha muller vítima de violencia de xénero e tomas a decisión de rematar coa situación.</p> <p>Noutra cartolina poñemos “Pasoulle a ela e”</p> <p>O grupo reflexiona sobre unha suposta situación en que es unha persoa que atende por primeira vez a esta vítima de violencia de xénero.</p> <p>Algunha das cuestións e contidos a ter en conta e que podemos empregar para axudar á reflexión poden ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cústalle recordar ou explicar os acontecementos? • Como se sinte, cal é o estado físico e psíquico neste momento? Chorar!! • Está ela soa? Ten presa? Que pasa co seu día a día? • “eu non quero nada malo para el, só quero que non me pegue máis” • Mitos, cales padecemos, cales admitimos,... • Sabemos diferenciar entre normal e habitual? • A intimidade, a vergoña, fai que ocultemos cousas? • Aténdea un home ou unha muller? É importante? • Medo, bloqueo, incompreensión, culpa, desconfianza,... • Perfís. • Papelame, denuncia, regulamentación, vocabulario formal e xurídico,... • Escolta activa, empatía, respecto, tempo, calma, cautela,... • Dignidade, compromiso, afecto, confianza, acompañamento, apoio, seguridade, intimidade, veracidade, verdade, razón,...

Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Cartolinas e rotuladores • Espazo para facer dous ou máis grupos e poder reflexionar independentemente. • Encerado e xiz ou EDI.
Anexos	<p>GUÍA DE DEREITOS DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO https://www.google.com/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&ved=2ahUKewiWyeiFjdriAhVP-YUKHTy2CB0QFjAAegQIBhAC&url=http%3A%2F%2Fwww.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es%2FinformacionUtil%2Fderechos%2Fdocs%2FGuia_de_derechos_2016.pdf&usg=AOvVaw0USMP758J-gmutxBBSYgW-</p> <p>Se sofres violencia de xénero o primeiro que tes que facer é asesorarte nunha asociación de mulleres especializada, nun centro de atención á muller da túa localidade (CIM), Oficina de Igualdade, no teu centro de servizos sociais, no teu centro de saúde, no corpo especial da Policía.</p> <p>Se tes que saír de casa, prepara antes: DNI, cartilla da Seguridade Social, Libro de Familia, caderno de aforro ou os datos da conta corrente. Busca unha persoa de confianza á cal poidas acudir en caso de urxencia (familiares, amizades, veciños/as)</p> <p>Se tes fillos/as, lévaos contigo. A súa seguridade é prioritaria.</p> <p>Unha vez asesorada, podes interpoñer unha denuncia e/ou solicitar unha orde de protección no Xulgado de violencia sobre a muller, Xulgado de Garda, Comaría de Policía Nacional ou comandancia da Garda Civil.</p> <p>Cando contes con detalle a violencia que sufriches, conta todos os episodios de violencia que vivistes, cita ás persoas que fosen testemuñas directas da mesma, identifica correctamente ao teu agresor.</p> <p>Sempre que haxa lesións acode previamente ao teu centro de saúde para facerte un exame médico e pide unha copia do informe médico. Tes que ter en conta que as lesións poden ser físicas e sempre psicolóxicas. Lembra sempre que ti non es a culpable da violencia, o único responsable é o agresor.</p> <p>O número de atención as vítimas é o 061, é gratuíto e non deixa rastro na factura.</p>

FICHA 6.20 MATERIAL COMPLEMENTARIO

Título	RECOÑECENDO OS MALOS TRATOS NAS NOSAS RELACIÓNS.
Persoas destinatarias	Alumnado de 14 anos en adiante
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Analizar as características dunha relación sa ou malsá na adolescencia. ◆ Reflexionar sobre como existen situacións de parella as que non damos importancia pero que nos poden levar as relacións de parella tóxicas.
Desenvolvemento	<p>Lectura e comentarios dos seguintes textos para recoñecer se mantemos relacións de parella con violencia</p> <p>SE ES MOZA</p> <p>Illamento</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non lle gusta que vaías a ningunha parte sen el • Cada vez que estades con amigos/asponse borde e móntache un “ número” <p>Desvalorizar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Búrlase de ti • Avergóñate en público • Non se fía de ti • Critica constantemente as túas opinións ou a túa forma de pensar • Trátate coma se foses menos competente que el • Non adoita valorar nin encomiar as túas calidades ou os teus acertos • Atopa defectos en case todo o que fas • Sentese que cando lle contas as túas cousas mostra pouco interese <p>Ameazar- Intimidar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non te atreves a dicirle o que sentese • Algunha vezponse tan nervioso contigo que descontrola e sentese medo <p>Control</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tenta saber quen te chama ou che manda mensaxes ao móbil • Se non quedas con el, esixe explicacións, pois non quere segredos entre os dous • É el quen decide cando quedar, a que hora, con quen, onde... • Controla a túa maneira de vestir, de maquillarte, de falar ou comportarte • Móstrase protector e paternal dicindo “eu sei o que é bo para ti”, “sei o que te convén” <p>Dominación</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sempre quere ter a última palabra nas vosas discusións, non escoitando a túa opinión • Di o que está ben ou mal na vosa relación • Sempre quere mandar e toma el as decisións importantes <p>Abusos Sexuais</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cando quere manter relacións sexuais contigo pon en práctica toda serie de estratexias • Ameaza con buscarse outras para conseguir o que ti non lle dás... • Acúsate de infantil, anticuada ou estreita

- Pon en dúbida os teus sentimentos por el

Chantaxe Emocional

- Faite sentir que ti es responsable da súa felicidade
- Ás veces utiliza na túa contra segredos que lle contaches confidencialmente
- Pensa que:
 - As mulleres son inferiores e deben obedecer aos homes
 - As tarefas domésticas “son cousa de mulleres”
 - A muller debe seguir ao marido, aínda que teña que renunciar aos seus proxectos

SE ES MOZO E ES DOS QUE...

- Non soportas ás súas amigas e prefires quedar sempre os dous a soas
- Para conseguir o que queres hai veces que a fas sentir culpable
- Ponte “dos nervios” que che leve a contraria
- Serías capaz de “calquera cousa” se ela te deixase
- Ás veces “quéntaste” e danche ganas de pegarlle
- Non soportas non saber o que fai ao longo do día
- Necesitas saber todo o que din os seus colegas de ti
- Tentas ter controlado o seu móbil para saber con quen fala
- Tes a sensación de que te está provocando para que saltes
- Non te fías do que che conta e compróballo
- Cústache moito desculpate, máis se é ante a túa noiva
- Sentese que como home tes que protexer ás mulleres
- Non estás disposto a ocuparte das tarefas da casa
- Todo o tempo te “escaqueas” e consigues que cho dean todo feito
- Es ti quen toma as decisións importantes da parella

Reflexiona... Estás pasándote! Isto é unha relación de dominio e control... e pode terminar en Violencia

TEDES UNHA RELACIÓN EN IGUALDADE CANDO EXISTE COA TÚA PARELLA...

Responsabilidade compartida

- ✓ Cando hai unha discusión, non che impón o seu punto de vista
- ✓ Non abusa de ti pedíndoche constantemente que fagas cousas no seu lugar

Conduta non ameazante

- ✓ Sénteste con comodidade e con liberdade para facer as túas cousas
- ✓ Exprésaste con toda liberdade e non temes que se enfade por dicir o que pensas
- ✓ Escóitase cando o necesitas e non te xulga

Respecto

- ✓ Apóiate e acepta as túas razóns
- ✓ Recoñece e valora as túas opinións, o teu espazo, o teu tempo, o teu esforzo e o teu traballo
- ✓ Non tenta impoñerche a súa maneira de resolver as cousas

	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Acepta e respecta as túas actividades e amizades ✓ Non se burla de ti diante das túas amizades nin cando estades a soas <p>Confianza e apoio</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Non sente a necesidade de verificar o que dis porque se fía de ti ✓ Apóiate nos teus plans e os teus proxectos ✓ Ten en conta e respecta os teus sentimentos <p>Honestidade e responsabilidade</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Cando se compromete contigo en algo, cúmpreo ✓ Recoñece cando se pasa contigo ✓ Fala contigo abertamente dos seus problemas ✓ Escóitase con confianza ✓ Fálache con honestidade <p>Negociación xusta</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Sempre ten en conta o que pensas e opinas ✓ Trata de atopar solucións que vos beneficien a ambos ✓ Non lle custa cambiar cousas para poñerse de acordo contigo ✓ As decisións que vos afectan aos dous, son o resultado dun acordo mutuo <p><i>(De: "Fórmulas para la Igualdad", material elaborado por Fundación Mujeres)</i></p>
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Ficha test para Mozas • Ficha test para Mozos • Bolígrafos
Anexos	<p>"Fórmulas para la igualdad"</p> <p>http://www.fundacionmujeres.es/documents/view/formulas_para_la_igualdad.html</p>

FICHA 6.21 MATERIAL COMPLEMENTARIO

Título	ES CAPAZ DE DETECTAR SE EXISTE VIOLENCIA PSICOLÓXICA NA TÚA RELACIÓN?
Persoas destinatarias	Alumnado de 14 anos en adiante
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Analizar as características dunha relación sa ou malsá na adolescencia. ◆ Reflexionar sobre como existen situacións de parella as que non damos importancia pero que nos poden levar as relacións de parella tóxicas. ◆ Observar si existen diferencias entre as percepcións de mozas e mozos sobre as características dunha boa ou mala relación.
Desenvolvemento	<p>A violencia psicolóxica nas relacións de parellas adolescentes, maniféstase de moitas formas e así nos atopamos con descualificacións e críticas constantes, desprezos, insultos, humillacións, burlas, presión, incomunicación, berros, chantaxes, manipulación emocional, ameazas, control do que se di, fai, abandono e illamento emocional, etc.</p> <p>Estes malos tratos son perigosos, pasan inadvertidos porque non deixan marcas externas. Os malos tratos psicolóxicos poden ser tan sutís e disimulados que poden aparecer camuflados como “mal amor”, ata xustificado como por “amor”. Para detectalo invitamos ao alumnado a que reflexione respondendo aos seguintes test, segundo sexan mozas ou mozos.</p> <p>Ás veces esta ficha é interesante lela e reflexionar en grupo sobre ela e facela independentemente na casa, sen ter que entregala.</p>
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Ficha test para Mozas • Ficha test para Mozos • Bolígrafos

TEST PARA MOZAS:

O TEU MOZO	NON	SI
Diche que vistas menos provocativa ou que non che maquilles		
Diche con quen podes quedar e con quen non		
Quere saber onde estás sempre e con quen		
Mírase o móbil, o correo electrónico, etc		
Critica sempre ás túas amizades		
Non lle gusta que fales con outros mozos		
Búrlase de ti, diche cousas que che fan dano		
Diche que es unha estreita ou que non lle queres suficiente, cando non queres ter relacións sexuais		
Rexistra o teu bolso		
Ponse celoso se te chaman por teléfono, ou che deixan mensaxes		
Ameázate con deixarche cando non fas o que el che di		
Fai cousas para avergoñarte		
Incumpre as súas promesas		
Déixate en ridículo diante dos seus amigos		
Decide todos os plans sen pedir a túa opinión		
Nunca pide perdón		
Déixate <i>plantada</i> en moitas ocasións		
Non che fai caso cando te enfadas ou lle pides algo importante		
Sempre saes a soas con el, porque non lle gusta compartirte con ninguén máis		
Promete cousas que non cumpre		

Se che saíu maioría SI: MOITO COIDADADO! PERIGO! RELACIÓN TÓXICA. Fala con algunha persoa adulta e de confianza deste tema.

Se che saíu metade SI e metade NON: OLLO! Controla a túa relación, podes estar aguantando moitas cousas que te poden facer infeliz.

Se che saíu maioría NON: BEN! Valórase, e iso vaiche a axudar a detectar con máis facilidade as relacións pouco saudables. Pero hai que estar sempre alerta. Lembra: quen ben che quere non che fai chorar, senón pasalo xenial!

Anexos

TEST PARA MOZOS

	NON	SI
Necesitas controlar todo o que fai a túa moza		
Poste nervioso se non sabes quen a chama ao móbil		
Gústache que as cousas se fagan sempre como ti dis		
Cres que os plans que ti propós sempre son mellores e máis divertidos		
Non che gusta que salga soa coas súas amigas		
Cústache dicirle cousas bonitas		
Es celoso, e crees que ela ten a culpa dos teus celos		
Fas cousas que, se ela as fixese, pareceríanche mal		
As veces poste agresivo con ela, e despois fas coma se nada pasase		
Non podes controlar poñerte como unha moto cada vez que che leva a contraria		
Non che gusta que outros mozos miren á túa moza		
Cústache pedir perdón		
Falas doutras mozas para enrabechar á túa parella		
Non che gusta que te leve a contraria, principalmente en aquilo que controlas máis		
Cústache colaborar nas tarefas domésticas		
Non compres algunhas das túas promesas		
Pensas que chorar é cousa de brandos ou de imbéciles		
Non che gusta que a túa moza teña opinións distintas ás túas en público		
A maioría das cousas que tes que facer son máis importantes que as que ten que facer a túa moza		
Crees que ter algo de celos é algo normal		

Se che saíu maioría SI: COIDADADO! PODES PERDER O CONTROL! Deberías falar con alguén en quen confíes e que te poida axudar, porque esa actitude pódete traer moitos problemas. Ir de macho e de mozo malo xa non se leva.

Se che saíu metade SI e metade NON: OLLO! Tes claras algunhas cousas, pero outras non. Se non che gusta como é unha moza, curta polo san, pero non a controles nin tentes cambiala.

Se che saíu maioría NON: BEN! Saír cunha moza que teña máis amigxs, e que teña outros hobbies é máis divertido. Así tedes cousas que compartir cando esteades xuntos.

FICHA 6.22 MATERIAL COMPLEMENTARIO

Título	VIDEOFORUM CINE E VIOLENCIA DE XÉNERO
Persoas destinatarias	Alumnado de 16 anos en adiante
Duración	Duración da curta ou da película (de 20 a 120 min) máis 30 minutos dependendo sempre do debate que se cree nos grupos
Desenvolvemento	<p>Visionado dunha das curtas ou películas que indicamos, e identificación das diferentes formas de malos tratos que se aprecian ao longo das mesmas, reflexionar sobre o ciclo da violencia, sobre a violencia institucional, sobre o que poderíamos facer en casos similares para cambiar a historia ou para axudar as protagonistas das historias, ... por medio da reflexión persoal e de posteriores debates.</p> <p>Para axilizar e fomentar o debate unha vez concluída a película podemos pasar un cuestionario e que o respondan individualmente e/ou por grupos, logo ponse en común e debátense as respostas.</p> <p>EXEMPLO DE CUESTIONARIO VIDEOFORUM CINE E VIOLENCIA DE XÉNERO</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Que tipo de malos tratos se producen? 2) Indica como evoluciona a espiral da violencia e en que momentos dáse cada fase, tensión, agresión e de lúa de mel. Que momento credes podería ser o máis realista para rachar con este proceso? 3) Como reacciona a contorna da vítima? Crena, axúdana, colaboran inconscientemente coa situación de violencia? 4) Credes que a película presenta un final desexable e realista? Que final sería máis axeitado? 6) Facede crítica construtiva e formulade as opinións que consideredes necesarias en liberdade e respecto.
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Bolígrafos. • Folios • Aula/Sala cine - Proxector - Altosfalantes – Pantalla. • As películas propostas están a venda ou el aluguer, e tamén On line. • No caso de “MATRIA” o autor pode estar dispoñible para os debates.
Anexos	<p><u>EXEMPLOS DE CINEMA E VIOLENCIA DE XÉNERO</u></p> <p>CURTAMETRAXE “MATRIA” (2017) Álvaro Gago</p> <p>Curta galega, extensamente galardoada sobre Ramona, unha muller de mediana idade que vive co seu marido na costa galega, con quen apenas se comunica, e traballa nunha fábrica de conservas gobernada por unha encargada tirana. Ante os desafíos que lle presenta a súa rutina diaria, Ramona trata de refuxiarse na relación que lle une á súa filla e á súa neta.</p> <p>Obra mestra dun autor novo galego, perfecta para coñecer de primeira man o fastío, a desgana, a eterna lousa que o xénero feminino historicamente ten levado con resignación, incompreensión e infelicidade.</p> <p>Esa coiraza que se pecha nun plano sen profundidade, sen ser capaz de situarnos máis aló das nosas desgrazas enchen de tensión narrativa o drama persoal de moitas mulleres como a que aquí se nos retrata. Esa atmosfera de abafo, angustia e opresión creada para expresar todo o peso que supón ser muller intensifícase a contagotas</p>

segundo a segundo... Non podemos deixar de compartir ese peso... non podemos deixar de sentir esa carga que tan ben se expresa nesa incansable carreira a contrarreloxo diaria da protagonista. Tempo, sentimento, desazón e angustia a través dunha vida, que é a vida de moitas. Gran traballo de entendemento e descrición que supón unha mensaxe clara, directo, sensitivo e imperecedeiro.

“CELOS” (1999) Vicente Aranda

Baseada nun feito real. Todo parece ir ben para Carmen (Aitana Sánchez Gijón) e Antonio (Daniel Giménez Cacho): os seus preparativos de voda, o arranxo da futura casa, os seus respectivos traballos. Accidentalmente Antonio descobre unha foto de Carmen con outro home. Aínda que ela e os seus amigos queiran quitarlle importancia, xorde en Antonio o desasosego da dúbida e unha obsesión enfermiza que dominará todos os seus actos: os celos. Unha obsesión enfermiza apodérase del dominándolle en todo momento. Uns celos incontrolables que fan a vida imposible a Carmen.

“SOLO MÍA” (2001) Javier Balaguer

Cando en España a visibilidade da violencia de xénero é bastante recente, unha das primeiras películas en abordar este tema foi “solo mía”, que acompaña cun título que resume moi ben a concepción de relación que existe nesta sociedade machista, especialmente en situacións de malos tratos e abuso na parella. Narra a historia do matrimonio de Ángela e Joaquín (Paz Vega e Sergi López), a típica historia de amor que parece perfecta, como parecen todas, pero que cando Ángela atópase metida ata o final na súa relación (cunha filla incluída), descobre como é o seu marido cando as cousas non saen como el quere.

“TE DOY MIS OJOS” (2003) Itziar Boyaín

É a película máis coñecida en España respecto ao tema da violencia machista. Retrata de maneira clara a vida dunha muller maltratada polo seu marido, interpretado por Luís Tosar, axúdanos a entender a situación das mulleres que pasan polo mesmo inferno, á vez que nos responde ás preguntas de por que volve con el cando consegue empezar a escapar do seu fogar. Por parte do personaxe masculino, el acode a terapia psicolóxica para tratar de deixar esa espiral de violencia e acode con outros homes, pero vemos o complicado que lle resulta entender por que ten que cambiar. Ela, pola súa banda, soña con traballar e dedicarse ao mundo da arte, unha paixón que non ten máis remedio que esconder.

“CICATRICES” (2005) Paco de Toro

A película retoma os temas da violencia de xénero e o machismo cunha trama que presenta os malos tratos físicos e psicolóxicos do home cara á muller desde unha perspectiva moral.

A película vai sobre un matrimonio que vive unha situación de monotonía e desamor, onde o principal afectado é o seu fillo pequeno. Os insultos dan paso aos golpes, á disputa legal, a patria potestade, as demandas e a unha infinidade de situacións que complican máis a relación entre ambos, deixando como mensaxe que as feridas que quedan no corazón tardan máis tempo en sandar que os golpes físicos.

“EN TIERRA DE HOMBRES” (2005) Niki Caro

Como dicíamos, a violencia contra as mulleres non só queda dentro do fogar. Como

exemplo, destacamos esta historia baseada nun caso real, que está protagonizada por Charlize Theron, que interpreta a unha muller que sufriu varios tipos de agresións. Primeiro, foi maltratada polo seu marido; escapando desa situación, volve ao seu pobo natal xunto aos seus fillos, tentando empezar unha vida nova. Para iso, busca traballo nas minas de ferro, un traballo ben pago e típico da súa rexión. Alí terá que enfrontarse a un universo machista, xunto a outras compañeiras, ao constante acoso, humillación e agresións por parte dos seus compañeiros e superiores. Doída e case derrotada, inicia accións legais contra a empresa para manter o seu traballo, reclamar respecto para ela e as súas compañeiras, e tamén para todas as mulleres que son rexeitadas en traballos que se cre que son só para homes. Unha coñecida realidade, xa que en calquera tipo de emprego e en calquera lugar do mundo, a muller sempre ten que subir uns chanzos moito máis altos que os seus compañeiros masculinos.

“LA VERDAD DE SORAYA M.” (2008) Cyrus Nowrasteh

A violencia de xénero, machista, ou cara ás mulleres, non é só a situación prototípica na que un home pega á súa esposa. Esa violencia está no día a día de moitas mulleres no mundo, tamén fora do fogar, e por iso en calquera recordo das vítimas da violencia machista non podemos esquecer ás que sofren a violencia estrutural, o odio e a agresión da propia sociedade. Falamos dunha agresión literal, a lapidación de mulleres que ocorre nalgunhas rexións do mundo. Nesta película un xornalista recolle a historia dunha moza iraniana que foi lapidada tras ser falsamente acusada de adulterio polo seu marido. A película está baseada nun libro, á súa vez reflectindo un caso real que ocorreu a finais dos 80.

Nas rexións onde se castiga o adulterio da muller tamén se considera adulterio a violación, polo que as mulleres son dobremente agredidas. Pero non nos confundamos, que noutros países non se lapide ás mulleres non implica que non llas acoitele, golpee, cos puños ou con martelos, sexan de novo violadas, etc.

“MUSTANG” (2015) Deniz Gamze Ergüven

Tras un inocente xogo na praia xunto aos seus compañeiros de clase ao comezo do verán, a vida de cinco novas irmás orfas dun pequeno pobo turco cambia radicalmente. Desgustados pola suposta inmoralidade no comportamento das mozas, a súa avoa e o seu tío deciden tomar medidas que garantan a virxindade e pureza das cinco irmás, así como precipitalas cara ao seu destino de futuras esposas.

Unha película perfecta en todos os sentidos. Unha magnífica historia que non necesita grandes cousas para crear algo grande. Trátase dunha película dramática que con todo permítenos gozar de momentos nos que rir. A luz natural, a música e a fotografía, sinxelas pero excepcionais sumadas á increíble actuación dos seus cinco novos protagonistas, que achegan frescura e fannos sentir conmovidas polas irmás, adolescentes fortes e rebeldes que se convierten nunha gran inspiración, conforman unha gran película.

FICHA 6.23 MATERIAL COMPLEMENTARIO

Título	TEST DE BECHDEL
Persoas destinatarias	Alumnado de 16 anos en adiante
Duración	O tempo determinarase en función do recurso a analizar, un libro, unha película, un cómic, un artigo periodístico, ...
Desenvolvemento	<p>Pensades que hoxe en día se amosa a mulleres e homes da mesma maneira nos MassMedia?</p> <p>Unha vez seleccionado un libro, unha película, un cómic, un videoxogo, etc, por grupos de traballo ou a nivel individual, pasarémoslle o test de Bechdel, que é un método co que resaltar a brecha de xénero, principalmente nas obras de ficción, películas, libros, cómic, pero tamén en artigos de prensa, reportaxes, documentais, etc.), en base a si se cumpre ou non a seguinte avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Na obra debe haber polo menos dous personaxes femininos dos que coñezamos o seu nome. 2. Devanditas personaxes deben manter unha conversación entre si nalgún momento da obra. 3. Esa conversación debe tratar de calquera tema que non involucre a un home (e non só está referido a intereses románticos, senón a calquera tipo de home). <p>Desde o feminismo sinálase que unha enorme cantidade de obras coñecidas non superan este sinxelo test.</p>
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> • Libros, Películas, cómics, ... • Folios e bolígrafos ou ordenador.
Anexos	<p>O test de Bechdel é atribuído a Liz Wallace, amiga da estadounidense Alison Bechdel, autora da tira cómica “Dykes to Watch Out For”, que se desenvolveu entre 1983 e 2008, no que unha muller di que irá ver unha película “só si se respectan esas tres condicións”.</p> <p>Busca máis información sobre estas persoas.</p>

7. AVALIACIÓN

Avaliación de **coñecementos e percepcións previas** mediante un “brainstorming” dirixido por grupos coa gravación de voz/vídeo como primeira dinámica na que o alumnado amose en liberdade e respecto as súas reflexións e posturas ao redor do que saben e opinan sobre a violencia de xénero, o feminismo, o sexismo, as relacións de parella, a sexualidade e os modelos de atracción femininos e masculinos. Posteriormente poderemos empregar este material para reflexionar sobre as ideas previas e as transformacións persoais e coñecementos adquiridos durante o proceso didáctico.

Os **criterios de avaliación** estarán activos de forma continua, mentres se traballa cada actividade da unidade didáctica. Ao finalizar cada bloque aconsellamos facer unha ficha de avaliación da organización da clase, a participación dos grupos, do tempo, do interese e participación do alumnado, da comprensión de novos conceptos introducidos, de outros aspectos relacionados coas emocións e coa convivencia entre participante, etc., para desta maneira facer posibles readaptacións das actividades seguintes de cara á consecución da finalidade e dos obxectivos propostos.

O profesorado utilizará fundamentalmente dúas técnicas: a observación e a análise das respostas do alumnado a posibles cuestionarios. A atención e capacidade do alumnado na análise audiovisual e de textos, as intervencións individuais, así como o funcionamento e as dinámicas dos grupos pequenos e as intervencións e interaccións no grupo grande, serán algúns dos indicadores a ter en conta neste proceso.

Non interesa tanto aprender conceptos de maneira memorística, senón transformar estereotipos moi integrados na nosa cultura, aprender a reflexionar sobre outras formas de entender o mundo, compartir, escoitar activamente, respectarnos como diferentes, coidarnos, entendernos, colaborar, ser pacientes,... serán cuestións difíciles de valorar, pero fundamentais neste proceso educativo.

Ao finalizar a unidade didáctica, sería de gran interese pedir ao alumnado que realice unha pequena avaliación, un resumo, un pequeno artigo, unha carta, un debuxo, un vídeo, unha pequena campaña de sensibilización social, unha performance,... sobre o que aprendeu, o que lle chamou especialmente a atención, o que lle gustou e o que non, en se sentiu identificado especialmente, que sentimentos afloraron ou tentou agochar, se modificou algunha das súas ideas preconcebidas, si durante o proceso mudou a maneira de relacionarse con compañeiros e con compañeiras, coa parella se a tivera...

AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

Para o proceso de autoavaliación propoñemos unha serie de preguntas que o profesorado debe cuestionarse para saber as súas eivas e aprendizaxes.

ANTES DA UNIDADE DIDÁCTICA:

1. Consideras que a coeducación é tarefa do profesorado e se debe incluír, de xeito explícito, no currículo escolar?
2. Que formación tes para abordar estes temas nas túas clases? Xornadas, Cursos, Lecturas...
3. Tes interese por recibir formación en materia de igualdade?
4. O material utilizado nas túas aulas visibiliza o labor das mulleres?
5. O material utilizado nas túas aulas usa unha linguaxe igualitaria?
6. Pensas que debes revisar os libros de texto e materiais utilizados nas túas clases para evitar posibles contidos sexistas?

7. Entendes que é importante o uso non sexista da linguaxe?
8. Percibes comportamentos sexistas no teu alumnado? Se é así, que exemplo porías?
9. Intercedes cando escoitas algún comentario machista entre o alumnado ou o profesorado?
10. Entendes a paridade (delegadAs, ANPA, Consello Escolar...) como un xeito de favorecer o empoderamento das mulleres no centro?
11. Ordena de maior a menor importancia. Que prioridade lle dás no centro a: RECURSOS INFORMÁTICOS, DOTACIÓN DE BIBLIOTECA, COEDUCACIÓN, SECCIÓN BILINGÜES, MEDIACIÓN, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA?

DESPOIS DE REALIZAR A UNIDADE DIDÁCTICA

1. Descubriches datos que descoñecías?
2. Reparaches nalgún tema que nunca traballaras na clase?
3. Cales son os temas que consideras que o alumnado debe continuar traballando en profundidade?
4. Pensas que estas actividades serviron para traballar de maneira transversal outros aspectos?

8. ANEXOS

DIRECTORIO DE RECURSOS DE INTERESE (CONCELLO DE PONTEVEDRA)

Recurso	Teléfono	Enderezo
Teléfono de atención a víctimas de violencia de xénero	016	
Teléfono da Muller 24 horas	900 400 273	
CIM (Centro de Información á Muller)	900 119 741 986 864 825	Praza José Martí, s/n, 3º andar
Policía Nacional - UFAM (Unidade Familia e Muller)	091 986 868 383	Xoaquín Costa, 17
Policía Local	986 833 080	Alexandre Bóveda s/n
Policía autonómica	886 206 142	Avenida María Victoria Moreno, 43 Rúa Espincelo, s/n
Xulgados (Información)	986 805 992	Francisco Tomás y Valiente, s/n. A Parda (Edif. Xulgados, Pl. Principal)
Xulgado de Violencia sobre a Muller – Instrución nº 3	986 805 786	Francisco Tomás y Valiente, s/n. A Parda (Edif. Xulgados, 2º)
Xulgado de Violencia sobre a Muller – Penal nº 4	886 206 415	Francisco Tomás y Valiente, s/n. A Parda (Edif. Xulgados, 2º)
Audiencia Provincial (Información)	886 206 443	Rosalía de Castro, 5
Fiscalía	986 805 732	Francisco Tomás y Valiente, s/n. A Parda (Edif. Xulgados, 5º)
Oficina de atención á vitima e atención cidadá Xulgado	986 805 790	Francisco Tomás y Valiente, s/n. A Parda (Edif. Xulgados, 4º)
Concello de Pontevedra	986 804 300	Michelena, 30
Servizos sociais	986 85 00 39	Xofre de Tenorio, 1, baixo
Servizo Público de Emprego Estatal SEPE (antigo INEM)	986 98 15 98	Rúa Eduardo Pondal, 64
Emerxencias	112	
Urxencias médicas	061	
Casa do Mar - Mollabao	986 800 231	Simón Bolívar, 6
Centro de saúde Virxe Peregrina	986 861 378	Maestranza, 4
Centro de saúde A Parda	986 868 824	Gaiteiro Ricardo Portela, s/n
Centro de saúde de Lárez	986 871 426	Porta do sol, s/n
CHOP - Complexo Hospitalario de Pontevedra (Montecelo)	986 800 000 (Principal) 986 800 008 (Cita previa) 986 800 323 (Inf.)	Av. Montecelo, 0
Hospital Provincial de Pontevedra	986 800 000	Dr. Loureiro Crespo, 2
Centro de Orientación Familiar (Casa do Mar)	986 800 231	Simón Bolívar, 6

CADRO COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIAS CLAVE (Saber, Saber Facer e Saber Ser)	FICHAS																							
	6.1	6.2	6.3	6.4	6.5	6.6	6.7	6.8	6.9	6.10	6.11	6.12	6.13	6.14	6.15	6.16	6.17	6.18	6.19	6.20	6.21	6.22	6.23	
Competencias en comunicación lingüística	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Aprender a aprender	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Competencias sociais e cívicas	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Conciencia e expresións culturais		✓	✓			✓	✓		✓	✓				✓										✓
Competencia dixital		✓	✓			✓	✓		✓				✓			✓							✓	
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	✓										✓				✓									
Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía					✓									✓		✓						✓		✓

Ficha 6.1 – INVISIBLES

Ficha 6.2 - MORRERÁS SÓ

Ficha 6.3 - UN MARIDO COMO DIOS MANDA

Ficha 6.4 – PERFÍS

Ficha 6.5 - ESTADÍSTICAS

Ficha 6.6 – COMO UNHA CANCIÓN

Ficha 6.7 - O PRÍNCIPE ERA RA

Ficha 6.8 - NIN A MIÑA ÉPOCA NIN O MEU LUGAR

Ficha 6.9 - O QUE EU FAGO

Ficha 6.10 - CELOS EN ALTAMAR

Ficha 6.11- CONTOS

Ficha 6.12- QUE DANO FAN AS PELÍCULAS ROMÁNTICAS

Ficha 6.13- FOISE CO VENTO

Ficha 6.14- INVVERNO

Ficha 6.15- POÑÉNDOLLE NOME

Ficha 6.16- OMISIÓN DE SOCORRO

Ficha 6.17- NON DOU O PERFIL, NON DÁS O PERFIL, NON HAI PERFIL

Ficha 6.18- O QUE QUEDA

Ficha 6.19- "MI MARIDO ME PEGA LO NORMAL"

Ficha 6.20- RECOÑECENDO OS MALOS TRATOS NAS NOSAS RELACIÓNS.

Ficha 6.21- ES CAPAZ DE DETECTAR SE EXISTE VIOLENCIA PSICOLÓXICA NA TÚA RELACIÓ?

Ficha 6.22- VIDEOFORUM CINE E VIOLENCIA DE XÉNERO

Ficha 6.23- TEST DE BECHDEL

9. BIBLIOGRAFÍA

- ALTABLE VICARIO, R (2000) *Penélope o las trampas del amor*. Edt. MARE Nostrum.
- AMECOPRESS. (2019) “Sociedade – Feminismo – Movemento Feminista – Linguaxe non sexista – Redes Sociais”.
- AMORÓS, C. (1991) *Hacia una crítica de la razón patriarcal*. Madrid: Antrophos.
- BARRAGAN y A.A.V.V (2001) *Violencia de Género y curriculum*. Edit. Aljibe.
- BEAUVOIR, S. (1962): *El segundo sexo I*. Ediciones Siglo XX.
<http://users.dsic.upv.es/~pperis/El%20segundo%20sexo.pdf>
- BERGER, PETER E LUCKMANN, THOMAS (1991) *A construcción social da realidade*. Amorrortu. Buenos Aires.
- BERTOMEU, ANGUSTIAS (2011) Nativos digitales: una nueva generación que persiste en los sesgos de género. *Revista de Estudios de Juventud. Adolescentes Digitales*, núm. 92, Marzo, 187-202.
- BONINO, L. (1999) *Violencia de género y prevención: el problema de la violencia masculina en Actuaciones sociopolíticas contra la violencia de género*. UNAF, Madrid.
- BONINO, L. (1995) Los micromachismos en la vida conyugal. En CORSI, J.: *Violencia masculina en la pareja*. Buenos Aires: Paidós.
- BOSH, E.; FERRER, V.; FERREIRO, V. e NAVARRO, C (2013) *La violencia contra las mujeres. El amor como coartada*. Anthropos Editorial, Barcelona.
- BOURDIEU, P (2000) *La dominación masculina*. Anagrama, Barcelona.
- CANTERA, I.; ESTÉBANEZ, I. Y VÁZQUEZ, N. (2009) *Violencia contra las mujeres jóvenes: la violencia psicológica en las relaciones de noviazgo*. Bilbao: Servicio de Atención a la Mujer del Módulo Psicosocial de Deusto y San Inazio.
- CASTIÑEIRO, ANA MARÍA (2013). *A alma dos contos*. Instituto Andaluz da Muller.
- COBO BEDIA, R. (2018) “Charla: O movemento #MeToo e a cuarta onda feminista” Biblioteca Municipal os Rosales. A Coruña.
- DÍAZ AGUADO, M^a JOSÉ (Dir.) (2013) *Evolución de la adolescencia española sobre la igualdad y la prevención de la violencia de género*. Madrid: Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade. Centro de Publicacións.
- ESTÉBANEZ, IANIRE Y VÁZQUEZ, NORMA (2013) *La desigualdad de género y el sexismo en las redes sociales*. Bilbao: Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco.
- FAJARDO PÉREZ, MONTSE (2017) “Invisibles” Ed. Matriarcas - Concello de Pontevedra.
- FLECHA, PUIGVERT Y RÍOS (2013) Las nuevas masculinidades alternativas y la superación de la violencia de género. *International Multidisciplinary Journal of Social Sciences*, 2(1), 88-113.

- FUNDACIÓN MUJERES-UNED (2011) "Detecta Andalucía. Sexismo y violencia de género en la juventud". Instituto Andaluz de la Mujer, Junta de Andalucía.
- GIDDENS, A. (1995) La transformación de la intimidad. Sexualidad, amor y erotismo en las sociedades modernas, Cátedra, Madrid.
- GÓMEZ, J. (2004) El amor en la sociedad del riesgo. Le Roure, Barcelona.
- HERRERA, C (2011) " La construcción sociocultural del amor romántico". Editorial Fundamentos. Madrid.
- LAGARDE, M. (2005) Para mis socias de la vida. Madrid: Horas y horas.
- LAMEIRAS, M., RODRÍGUEZ, E. e GONZÁLEZ, M. (2003) "Evolution of hostile sexism and benevolent sexism in a Spanish sample". Social Indicators Research, 66: 197-211., en MANSILLA, J. e MEZA. A., "Estudios de Antropología Biológica". Volumen XIV. 2009. UNAM. México.
- LAMEIRAS, M. et al. (2017) Violencia en las relaciones de pareja de adolescentes gallegos/as. *Revista de estudios de investigación en psicología y educación*. Nº Extra 2, 2017, Pag. 10-13.
- LEI ORGÁNICA 1/2004, de 28 de Decembro de Medidas de protección integral contra a Violencia de Xénero (BOE NUM. 313).
- LORENTE ACOSTA, M (2001) Mi marido me pega la normal. Agresión a la mujer; realidades y mitos. Edit. Ares y Mares, Barcelona.
- MARTÍNEZ CÁCERES, A. (2008) "La nueva masculinidad adolescente", en ESPADA, CH.(ed.) *Voces de hombres por la igualdad* (2008) <https://vocesdehombres.files.wordpress.com/2008/10/la-nueva-masculinidad-adolescente.pdf>
- MORIN, E. (1998) Complejo de amor. *Gazeta de Antropología*, Nº 14, 1998, CNRS, París. <http://www.ugr.es/~pwlac/>
- RUIZ REPULLO, C. (2014) La construcción social de las relaciones amorosas y sexuales en la adolescencia. Graduando violencias cotidianas. Jaén: Diputación provincial de Jaén.
- RUIZ REPULLO, C. (2014) Un análisis sociológico sobre el amor romántico como posible factor de riesgo en la adolescencia. *I Congreso Internacional de educación para la igualdad: Género y sexualidades*. Noviembre, 2011. Pp.127-135. Nativola DL.
- RUIZ REPULLO, C. (2016) Voces tras los datos. Una mirada cualitativa a la violencia de género en adolescentes. Instituto Andaluz de la Mujer. Sevilla.
- SIMÓN, M. E. (2004) Guía para evitar amores que matan. Consejo de la Juventud de Alicante.
- SAMBADE, I. (2015) Masculinidad y medios de comunicación de masas: el poder de definición del patriarcado y sus efectos en la configuración de identidades de género-sexo, en Méndez Lois, M^a José e Taboada Lorenzo, Celso (coords.), *Mellora da comunicación igualitaria. Análise e estratexias socioeducativas*, ICE/Servicio da Publications da USC, Santiago de Compostela, pp. 103-118.

- TORRES, C. (Dir.) (2013) El ciberacoso como forma de ejercer la violencia de género en la juventud: Un riesgo en la sociedad de la información y del conocimiento. Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade-Centro de Publicacións, Madrid.
- URRUZOLA, M^a. J. (2003) Guía para chicas. Guía para andar por casa. Bilbao: Maite Canal Editora.
- VALCARCEL, A. (2011) “Conferencia: A igualdade como preventiva da violencia contra as mulleres pautas para mirar o futuro nun mundo globalizado - O espellismo da igualdade”. UPNA. Pamplona. Vimeo: <http://www.muheresenred.net/spip.php?article1939>
- VARELA, NURIA (2005) Feminismo para principiantes. Ediciones B.
- VENEGAS, M. (2012) Socialización y subjetivación. El caso de las relaciones afectivosexuales adolescentes, en M. Venegas (coord.). *La sociología y los retos de la educación en la España actual. XV Conferencia de Sociología de la Educación*. Granada, 7 y 8 de julio de 2011 (Valencia, Alemania).
- VILLAR VARELA, M., MÉNDEZ-LOIS, M.J.; E BARREIRO FERNÁNDEZ, F. (2017) Observar la violencia 2.0: comportamiento cómplice, de la adolescencia gallega, en función del género. *Innovación educativa*, 27, 121-131
- WALKER, LENORE E. (1979) *The Battered Woman*. Harper and Row Publishers, Inc. Nueva York.
- YELA GARCÍA, C. (2002) *El amor desde la psicología social. Ni tan libres, ni tan racionales*. Ediciones Pirámide, Madrid.



Actuación financiada con cargo aos créditos recibidos do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, a través da Secretaría de Estado de Igualdade.